

Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)

Situación:
Concello de Tomiño.

Autor:
Sergio Daniel Orosa López.
(Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos)

Peticionario:
C. do Medio Rural, Xunta de
Galicia.


Data:
Novembro 2022

Empresa Consultora:
Proyestegal S.L.

*Orzamento Execución por
Contrata: 75.342,36 €*



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



TOMO I

Digitally signed by OROSA LOPEZ,
SERGIO DANIEL (FIRMA)
DN: c=ES, serialNumber=76581108D,
sn=OROSA, givenName=SERGIO
DANIEL, cn=OROSA LOPEZ, SERGIO
DANIEL (FIRMA)

ÍNDICE XERAL TOMO I

DOCUMENTO Nº 1: MEMORIA E ANEXOS

DOCUMENTO Nº 2: PREGO DE CONDICIÓN

DOCUMENTO Nº 3: ORZAMENTO

DOCUMENTO Nº 4: PLANOS

ANEXOS Á MEMORIA

ANEXO 1: PARÁMETROS DE DISEÑO

ANEXO 2: LEVANTAMIENTO TOPOGRÁFICO

- SUBANEXO 2.1: RESEÑA DE BASES TOPOGRÁFICAS
- SUBANEXO 2.2: PLANO DO LEVANTAMENTO
- SUBANEXO 2.3: LISTADO DE REPLANTEO DOS EIXOS

ANEXO 3: MOVIMIENTO DE TERRAS

ANEXO 4: ESTUDO XEOTÉCNICO

ANEXO 5: ESTUDO HIDROLÓXICO

- SUBANEXO 5.1: CÁLCULOS HIDROLÓXICOS
- SUBANEXO 5.2: PLANO CONCAS

ANEXO 6: PROGRAMACIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA

- SUBANEXO 6.1: PROGRAMACIÓN TÉCNICA
- SUBANEXO 6.2: PROGRAMACIÓN ECONÓMICA

ANEXO 7: XUSTIFICACIÓN DE PREZOS

- SUBANEXO 7.1: LISTADO VALORADO DE MATERIAIS MAQUINARIA E MAN DE OBRA
- SUBANEXO 7.2: PREZOS AUXILIARES
- SUBANEXO 7.3: PREZOS DESCOMPOSTOS

ANEXO 8: PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS

ANEXO 9: MEDIDAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

- SUBANEXO 9.1: PLANOS AMBIENTAIS E PATRIMONIAIS

ANEXO 10: MEDIDAS DE PROTECCIÓN DE PATRIMONIO

- SUBANEXO 10.1: FICHAS DE PATRIMONIO
- SUBANEXO 10.2: PLANOS DE PATRIMONIO

ANEXO 11: MATRIZ DE CONDICIONANTES AMBIENTAIS E PATRIMONIAIS

- SUBANEXO 11.1: TÁBOAS DE IMPACTOS POR CAMIÑO
- SUBANEXO 11.2: PLANOS E FICHAS DE AFECCIÓNS
- SUBANEXO 11.3: CHECKLIST AMBIENTAL

ANEXO 12: PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE

ANEXO 13: CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS CAMIÑOS PROXECTADOS

- SUBANEXO 13.1: TÁBOA RESUMO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)

DOCUMENTO Nº I

MEMORIA E ANEXOS

Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)

MEMORIA

ÍNDICE

Contido	
1. OBXECTIVO	6
2. ANTECEDENTES	6
2.1. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS	6
2.2. ANTECEDENTES FÍSICOS	6
3. ORDE DE REDACCIÓN DO PROXECTO	7
4. XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN	7
5. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS	8
5.1. EMPRAZAMENTO	8
5.2. TIPOLOXÍAS DE CAMIÑOS PREVISTAS	8
5.3. CARACTERÍSTICAS DE DESEÑO DA REDE DE CAMIÑOS	8
5.3.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS	8
5.3.2. CARACTERÍSTICAS DIMENSIONAIS	9
5.3.3. IDENTIFICACIÓN E CUANTIFICACIÓN DA REDE DE CAMIÑOS PROXECTADA.....	11
5.3.3.1. IDENTIFICACIÓN E CUANTIFICACIÓN DOS CAMIÑOS	11
5.3.4. RESUMO DA OBRA PROXECTADA.....	12
5.4. CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS DA REDE DE CAMIÑOS	14
5.4.1.1. MOVEMENTO DE TERRAS	14
5.4.1.2. FIRMES	15
5.4.1.3. OBRAS DE FÁBRICA	17
5.4.2. ENTRONQUES A ASFALTAR: PAVIMENTO, SINALIZACIÓN VIARIA E DRENAXE	18
5.4.2.1. ENTRONQUES DOS CAMIÑOS CON ESTRADAS MUNICIPAIS ASFALTADAS	18
6. NORMAS CONSTRUTIVAS	19
7. CUMPRIMENTO DOS CONDICIONANTES TÉCNICO-AMBIENTAIS	20
8. AVALIACIÓN ECONÓMICA	21
9. REQUISITOS ADMINISTRATIVOS	21
9.1. DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA	21
9.2. AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS	22
9.3. PRAZOS DE EXECUCIÓN	22
9.4. REVISIÓN DE PREZOS	22
9.5. PRAZO DE GARANTÍA	23
9.6. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA	23
9.7. CLASIFICACIÓN DO CONTRATO	23
9.8. XESTIÓN DE RESIDUOS	23
9.9. SEGURIDADE E SAÚDE	23
10. ORZAMENTO	24
11. CONCLUSIÓNS	24

Relación de Anexos á Memoria:

- ANEXO 1: Parámetros de deseño
- ANEXO 2: Levantamento topográfico
- ANEXO 3: Movemento de terras
- ANEXO 4: Estudo xeotécnico
- ANEXO 5: Estudo hidrolóxico
- ANEXO 6: Programación técnica e económica
- ANEXO 7: Xustificación de prezos
- ANEXO 8: Plan de xestión de residuos
- ANEXO 9: Medidas de protección ambiental e de integración paisaxística
- ANEXO 10: Medidas de protección de Patrimonio
- ANEXO 11: Matriz de condicionantes ambientais e patrimoniais
- ANEXO 12: Proxecto de Seguridade e Saúde
- ANEXO 13: Características técnicas dos camiños proxectados

1. OBXECTIVO

O obxectivo do ***“Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)”*** será mellorar as infraestruturas existentes para facilitar o aproveitamento dos recursos agrarios da zona e proporcionar maiores expectativas de viabilidade ás actuais explotacións. Para iso, as melloras que será necesario realizar como parte do proceso de reestruturación parcelaria están orientadas fundamentalmente a dotar de accesos adecuados ás leiras que xurdiron da reordenación da propiedade.

2. ANTECEDENTES

2.1. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

A Concentración Parcelaria da Zona de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra) foi declarada de utilidade pública e urxente execución o 17 de agosto de 1993.

Con data 14 de xullo de 2015 publícase no Diario Oficial de Galicia a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

As bases definitivas foron aprobadas o 16 de xaneiro de 1997 e adquiriron firmeza o 30 de xaneiro de 2003. O acordo de concentración parcelaria foi aprobado con data 27 de novembro de 2006 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro de 2007), por Resolución do 6 de xullo de 2007, da Delegación Provincial de Pontevedra, anúnciase a toma de posesión provisional dos predios de substitución na zona de concentración. Sendo a situación actual de acordo pendente de firmeza

Dita lei dispón na súa Disposición transitoria primeira referida á irretroactividade da norma, que as disposicións introducidas en dita lei aplicaranse aos procedementos de concentración parcelaria en curso sen retroceder nos trámites, adaptándose, de ser posible, á fase en que se encontren. No caso de non poder levar a cabo esta adaptación, dita lei aplicarase no inicio da fase seguinte.

Destacar tamén que se utilizou como referencia o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Tomiño, aprobado definitivamente o 29 de marzo do 2001, Publicado no BOP o 15 de maio do 2001.

2.2. ANTECEDENTES FÍSICOS

O concello de Tomiño conta cunha poboación de 13.730 habitantes segundo os datos publicados polo INE a 1 de xaneiro de 2021, 164 habitantes máis que no ano 2020, o que supón unha media de 127,55 hab. por km². A estrutura da poboación tende ao crecemento co paso do tempo.

As parroquias onde se desenrolou o proceso de concentración foron as de Estás, Goián e Figueiró.

Segundo os datos publicados polo INE procedentes do padrón municipal de 2021 o 56.10 % (7.703) dos habitantes empadroados no Municipio de Tomiño naceron no devandito municipio, o 35.08 % emigraron a Tomiño dende diferentes lugares de España, o 27.49 % (3.775) dende outros municipios da provincia de Pontevedra, o 3.48 % (478) dende outras provincias da comunidade de Galicia, o 4.10 % (563) dende outras comunidades autónomas e o 8.82 % (1.211) emigraron a Tomiño dende outros países.

En Tomiño, a rama de actividade maioritaria é o sector servizos, seguida da industria manufacturera.

3. ORDE DE REDACCIÓN DO PROXECTO

Redactase o ***“Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)”*** por orde da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

4. XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN

As necesidades a satisfacer pola Rede de Camiños proxectada son as seguintes:

- **Necesidades sociais**
 - a) Comunicar os lugares entre si, e coas parroquias veciñas, con viais máis curtos e rápidos (*potenciando o intercambio de iniciativas*), e mellorar os seus accesos.
 - b) Dotar á zona dunhas vías de comunicación que faciliten o desenvolvemento socioeconómico da mesma.
- **Necesidades económicas**
 - a) Comunicación cos centros de produción, comerciais e administrativos.
 - b) Dotar de adecuado servizo ás leiras de reemprazo en beneficio da súa rendibilidade.
- **Vertebración da Zona de Reestruturación Parcelaria**

Coas actuacións obxecto do presente Proxecto iniciaríase, de xeito óptimo e sostible:

- a) Unha vertebración total da zona a nivel social, económico e estrutural.
- b) Un acceso directo ás fincas de reemprazo da zona.
- c) Adecuación de toda a rede de camiños (*actuais e futuros*), e indirectamente das estradas da zona, o nivel de seguridade viaria esixido para este tipo de infraestruturas e segundo o nivel de tráfico que soportan na actualidade.

Segundo o disposto no ***artigo 2 da lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial***

agraria de Galicia, unha das finalidades da concentración é a de establecer unha rede viaria á que teñan acceso directo todas as fincas da mesma.

Con este fin, xunto co de mellorar a comunicación entre os lugares das parroquias e as paraxes onde se sitúan agras e montes obxecto de reestruturación, redáctase o presente proxecto como parte do Plan de Obras e Melloras Territoriais, tendente a mellorar as condicións para a explotación dos recursos agrícolas, gandeiros e forestais da zona.

5. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS

5.1. EMPRAZAMENTO

As obras descritas emprázanse nas parroquias de Estás e Figueiró, pertencentes aos Concellos de Tomiño, e atópanse situadas ao sur da provincia de Pontevedra e ao sur do Concello de Tomiño, tal e como se pode comprobar no Plano 1, de *Situación*, axunto ó Documento de PLANOS do presente Proxecto.

5.2. TIPOLOXÍAS DE CAMIÑOS PREVISTAS

As Obras previstas no “**Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)**” definen unha rede de **catro (4) camiños, unha (1) rampla e un (1) viradoiro**, cunha lonxitude total de **679 metros (0,679 Km.)**.

A rede de camiños proxectada está formada por:

- Camiño C1: Nova Apertura. Cunha lonxitude de 57 metros lineais.
- Camiño C2: Mellora. Cunha lonxitude de 63 metros lineais onde se levará a cabo acondicionamentos de firmes principalmente, sen novas aperturas.
- Camiño C3: Do P.Q. 0+000 ao 0+100 mellora onde se levará a cabo acondicionamentos de firmes principalmente, sen novas aperturas, e do P.Q. 0+100 (aprox.) nova apertura. Cunha lonxitude total de 203 metros lineais.
- Camiño C4: Nova Apertura. Cunha lonxitude de 123 metros lineais. Mellora do camiño existente cunha lonxitude de 147 metros lineais.
- Camiño C4: Reposición das parcelas afectadas mediante o refino e planeo do camiño existente correspondente coa actuación normal da motoniveladora coa finalidade de mover o material sobranse de facer a nova explanada e así eliminar a cuneta existente que deixaría de ser necesaria. Desta forma a parcela quedaría ao mesmo nivel toda até onde comeza o camiño de nova apertura.
- Rampla: Nova apertura salvo na parte final que se acondiciona o existente, sen novas aperturas.
- Viradoiro: Cunha lonxitude de 23 metros lineais (máis 200 m iniciais), levarase a cabo nova apertura en todo o tramo salvo na parte da dereita na que se fai unha mellora consistente no desbroce da zona existente.

5.3. CARACTERÍSTICAS DE DESEÑO DA REDE DE CAMIÑOS

5.3.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS

Segundo o calculado no Anexo Nº 1, de *Parámetros de Deseño*, do Proxecto estimouse que a intensidade media diaria (I.M.D.) é inferior a 45 vehículos/día. En función deste parámetro cifrouse en 50 Km/h a velocidade base do Proxecto, aínda que se poden esperar velocidades inferiores nos camiños forestais, chegando incluso ós 30 Km/h. A partir da velocidade base do Proxecto establecéronse os parámetros xeométricos que definen os acordos horizontais do eixe e os acordos verticais da rasante.

O terraplenado, segundo as necesidades contempladas, farase con terras tolerables propias procedentes dos desmontes doutros camiños e/ou con material de préstamo.

5.3.2. CARACTERÍSTICAS DIMENSIONAIS

A partir da velocidade base do proxecto e da estruturación xerárquica dos camiños, establecéronse as características dimensionais fundamentais dos camiños proxectados. Ditas características están dentro das recomendacións establecidas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. Respecto da profundidade mínima de cunetas adoptada, sinalar que por definición é a distancia medida entre a cota máxima do terreo natural e o fondo da mesma. A continuación descríbense as seccións tipo adoptadas:

SECCIÓN TIPO SC-1 (CAMIÑO C1)	
Ancho de firme en carrís	3,00 m
Tipoloxía da base	Material de préstamo
Tipoloxía da subbase	-
Firme no que se apoia a subbase	Material seleccionado
Profundidade base	0,40 m
Profundidade da subbase	-
Bombeo	-2% +2%
Profundidade gabias	-
Ancho das gabias	-

SECCIÓN TIPO SC-2 (CAMIÑO C1)	
Ancho de firme en carrís	3,00 m
Tipoloxía da base	Material de préstamo
Tipoloxía da subbase	-
Firme no que se apoia a subbase	Material seleccionado
Profundidade base	0,40 m
Profundidade da subbase	-
Bombeo	-2% -2%
Profundidade gabias	-
Ancho das gabias	-

SECCIÓN TIPO SC-3 (CAMIÑO C2 E VIRADOIRO)	
Ancho de firme en carrís	4,00 m
Tipoloxía da base	Saburra artificial
Tipoloxía da subbase	-
Firme no que se apoia a subbase	Material seleccionado
Profundidade base	0,15 m
Profundidade da subbase	-
Bombeo	-2% +2%
Profundidade gabias	-
Ancho das gabias	-

SECCIÓN TIPO SC-4 (CAMIÑO C3 E RAMPLA)	
Ancho de firme en carrís	4,00 m
Tipoloxía da base	Material de préstamo
Tipoloxía da subbase	-
Firme no que se apoia a subbase	Material seleccionado
Profundidade base	0,40 m
Profundidade da subbase	-
Bombeo	-2% +2%
Profundidade gabias	-
Ancho das gabias	-

SECCIÓN TIPO SC-5 (CAMIÑO C3)	
Ancho de firme en carrís	4,00 m
Tipoloxía da base	Material de préstamo
Tipoloxía da subbase	Pedraplén
Firme no que se apoia a subbase	Material seleccionado
Profundidade base	0,40 m
Profundidade da subbase	0,40 m
Bombeo	-2% -2%
Profundidade gabias	-
Ancho das gabias	-

SECCIÓN TIPO SC-6 (CAMIÑO C4)	
Ancho de firme en carrís	4,00 m
Tipoloxía da base	Saburra artificial
Tipoloxía da subbase	Material de préstamo
Firme no que se apoia a subbase	Material seleccionado
Profundidade base	0,15 m
Profundidade da subbase	0,25 m
Bombeo	-2% +2%
Profundidade gabias	0,30 m
Ancho das gabias	0,50 m

Indicar como norma xeral respecto ás seccións tipo descritas que:

- A capa de firme proxectada posuirá, unha vez rematada, unha compactación do 95% do Ensaio Proctor Modificado.
- As medidas de gabias sinaladas establécense dende a sub – rasante da plataforma.
- Tal e coma se determina no Anexo de Movemento de terras e firme, adoptaranse os seguintes pendentes nos noiros da explanación correspondentes a terreos de consistencia franca:

	Sección Tipo de Firme
Desmorte	0,7H/1V ou 2H/3V
Terraplén	1H/1V ou 1H/1V

A variación dos noiros da Sección Tipo de Firme en canto ás súas pendentes, está asociada a: camiños que circulan a media ladeira ou con pouca pendente transversal; zonas forestais, zonas rochosas ou praderías, nas cales poden aflorar as terras de tránsito a moi pouca profundidade outorgando ó conxunto, pola súa natureza unha considerable estabilidade, o que permite empregar unha maior pendente neste tipo de noiro.

5.3.3. IDENTIFICACIÓN E CUANTIFICACIÓN DA REDE DE CAMIÑOS PROXECTADA

5.3.3.1. IDENTIFICACIÓN E CUANTIFICACIÓN DOS CAMIÑOS

A continuación achégase unha táboa resumo cos datos significativos de cada camiño proxectado. Os datos que contén a táboa son, por orde numérica, a denominación do camiño, a súa tipoloxía construtiva, orixe e final deste, a lonxitude do camiño, sección tipo adoptada, ancho de plataforma, e capa de rodada.

Nome Definitivo	Lonx. Eixo	PK Inicial	PK Final	Ancho Rodadura	Sección Tipo	Orixe	Fin	Polígono	Tipoloxía
Camiño C1	57	0+000.00	0+057	3	SC – 1 e SC – 2	Camiño en Sanomedio	Fincas	501	Nova apertura
Camiño C2	63	0+000.00	0+063	4	SC – 3	Camiño principal	Fincas	514	Mellora
Camiño C3	203	0+000.00	0+203	4	SC – 4 e SC – 5	Camiño principal	Fincas	516	0+000-0+100 – mellora 0+100-0+203 – nova apertura
Camiño C4	123+147	0+000.00	0+123	4	SC – 6	Camiño principal	Pista Asfaltada	522	0+000-0+123 – nova apertura 0+123-0+270 mellora
Rampla	10	0+000.00	0+010	Variable	SC – 4	Camiño en A Aldea	Fincas	502	Mellora
Viradoiro	23*+200	0+000.00	0+023	Variable	SC – 3	Camiño en Soutelo	Fincas	515	Nova apertura
TOTAIS Uds	826 m								

É importante salientar que se describirán en detalle os camiños, así como as actuacións salientables que se farán en cada un deles no anexo 1, de Parámetros de deseño.

5.3.4. RESUMO DA OBRA PROXECTADA

Móstrase a continuación a relación resumida de Unidades de Obra a executar de cada unha das actuacións proxectadas, que se detallan perfectamente no apartado tanto de Medicións por Capítulos coma de Orzamento por Capítulos do DOCUMENTO Nº 3: ORZAMENTO, axunto ó presente Proxecto.

1. LABORES PREPARATORIAS E MOVEMENTO DE TERRAS		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
01.01	3.017,72 m ²	Desbroce e limpeza cun espesor entre 10 e 20 cm
01.02	1.920,43 m ²	Compactación plano fundación A1-A3, 95% PN, con rega
01.03	810,14 m ³	Escavación desmonte todo tipo de terreo e transporte a terraplén
01.04	225,31 m ³	Terraplén con material tolerable de banco de préstamo
01.05	164,35 m ³	Pedraplén 300-500 mm por colmatación
01.06	4.421,00 m ²	Refino e planeo do camiño c/apertura ou limpeza de gabias

2. OBRAS DE FÁBRICA		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
02.01	22,50 m	Cano PEAD corrugado, Ø400 cm SN8
02.05	4,00 uds	Embocadura para cano d=40cm, terreo franco
02.10	40,95 m ²	Banqueta encachado 25 cm para asento de marcos prefabricados
02.11	40,95 m ²	Capa compresión marcos prefabricados esp= 10 cm
02.15	6,00 m	Marco Prefabricado de 3.5x1.5 colocado, inclúe guindastre
02.16	4,50 m	Marco Prefabricado de 3.5x2.5 colocado, inclúe guindastre
02.17	4,80 m	Muro mampostería pedra granítico H<= 2 m incl esc e recheo

3. FIRMES		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
03.01	21,37 m ³	Base de firme de macadam 40/70
03.02	142,46 m ²	Triple rega asfáltica ECR-2
03.03	548,00 m ³	Subbase de material de préstamo
03.04	141,88 m ³	Base de saburra ZA40

4. SINALIZACIÓN E BALIZAMENTO		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
I09015	4,00 uds	Señal prohibición u obligación, STOP, Ø 60 cm, colocada
I09021	4,00 uds.	Señal cuadrada 60x60 cm, colocada
I09047	16,00 uds.	Barrera seguridad mixta (acero-madera) N2, colocada

5. XESTIÓN DE RESIDUOS		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
06.01	5 m ³	Xestión en centro autorizado de residuos de formigón
06.02	3 m ³	Xestión en centro autorizado de residuos de plástico
06.03	2 m ³	Xestión en centro autorizado de residuos de madeira
06.04	6 m ³	Xestión en centro autorizado de residuos misturados construción
06.05	3 meses	Aluguer mensual de contedor
06.06	3 uds.	Servicio de entrega e recollida de contenedor de escombros 20 km

6. SEGURIDADE E SAÚDE		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
SEPC.07	1000 m	Banda sinalización bicolor plástico 8
SEPC.08	2 uds.	Cartel indicativo plástico 45x30
SEPC.09	30 uds.	Cono sinalización vial 50 refl amtz 5
SEPC.10	6 uds.	Panel reflectante zona excluída ó tráfico 80x20cm 5 usos
SEPC.11	6 uds.	Sinal reflectante triangular de perigo 70mm sobre cabaleta 5usos
SEPIO.01	5 uds.	Botas de seguridade Categoría S2
SEPIO.02	5 uds.	Roupa de traballo, chaqueta e pantalón 100% algodón
SEPIO.03	5 uds.	Casco seguridade obra
SEPIO.04	5 uds.	Peto reflectante 3 usos
SEPIO.05	5 uds.	Chaqueta impl c/capucha
SEPIO.06	5 uds.	Pantalón impermeable
SEPIO.07	5 uds.	Lentes anti impactos e salpicaduras, de propionato
SEPIO.08	5 uds.	Cinto seguridade reforzado
SEPIO.09	5 uds.	Protector auditivo con acolchado
SEPIO.11	5 uds.	Par botas impl 30cm ng
SEPIO.12	5 uds.	Par luvas coiro/téxtil super
SEE.01	3 meses	Alugamento mensual caseta obra 6 m2 c/aillamento
SEE.03	3 meses	Alugamento mensual caseta sanitaria 6 m2 c/ailla e quent el
SEE.06	1 uds.	Caixa de urxencias
SEE.07	5 uds.	Taquilla metálica individual
SEE.08	1 uds.	Banco de madeira para 5 persoas
SEE.10	5 uds.	Reposición de caixa de urxencias
SEE.11	5 uds.	Percha para aseos e duchas
SEE.12	1 uds.	Dispensador de papel hixiénico
SEE.13	1 uds.	Toalleiro anel

5.4. CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS DA REDE DE CAMIÑOS


5.4.1.1. MOVEMENTO DE TERRAS

A construción dos novos camiños previstos comezarase mediante actuacións combinadas de roza, desmonte e terraplén que completarán o movemento de terras previsto para estes.


5.4.1.2. FIRMES

A continuación inclúese un resumo da sección de firme empregado en cada actuación:


CAMIÑO C1



CAMIÑO C1




CAMIÑO C2 E VIRADOIRO




CAMIÑO C3 E RAMPLA

SECCIÓN TIPO SC-4




CAMIÑO C3

SECCIÓN TIPO SC-5



CAMIÑO C4

SECCIÓN TIPO SC-6



*Realizarase unha mellora do camiño existente (c4) restante con refino e planeo con moto niveladora e aportarase 5cm de saburra artificial compactada con rolo.

5.4.1.3. OBRAS DE FÁBRICA

As actuacións descritas complétanse cun correcto sistema de drenaxe tanto lonxitudinal (apertura/limpeza de gabias) coma transversal (canos e marcos de formigón e as súas correspondentes arquetas e/ou embocaduras).

O cruce cos cursos de auga salvaranse mediante a implantación das Obras de Drenaxe Transversal (en abreviatura ODT) xustificadas no anexo Nº 5, de Estudo hidrolóxico, presentando o seu resumo na táboa seguinte:

Nome Conca	Camiño	Coord. X (ODT)	Coord. Y (ODT)	Tipoloxía Tubos Formigón: T=50 anos Marcos Formigón: T=50 anos	Caudal aportado (T=50)	Caudal soportado (Qd)
C1	C1	518.984,223	4.647.866,856	Marco de 3,50 m x 2,50 m	19.552	32.839
C2	C2	517.751,231	4.644.702,730	Marco de 3,50 m x 1,50 m	8.004	9.241
		m	m		m³/s	m³/s

O cruce cas valgadas ou cursos de auga que non aparezan diferenciados no organismo de conca correspondente (neste caso Confederación Hidrográfica Miño - Sil) salvaranse mediante a implantación das Obras de Drenaxe Transversal (en abreviatura ODT) de diámetros de corenta centímetros.

A continuación amósase unha táboa coas coordenadas de inicio e fin de cada un dos camiños obxecto de actuación (Sistema de coordenadas UTM ETRS89, metros), así como a lonxitude aproximada e o polígono ó que pertencen:

Nome	Lonx. Eixo	Coord. X Inicio	Coord. Y Inicio	Coord. X Fin	Coord. Y Fin	Polígono
Camiño C1	57 m	518990.2118	4647879.9635	519012.5652	4647846.6495	501
Camiño C2	63 m	517792.6795	4644691.2005	517731.9879	4644708.0825	514
Camiño C3	203 m	519118.2464	4644608.0405	519230.3467	4644655.8176	516
Camiño C4	123 m+147m	518044.9755	4643837.2965	518006.4699	4643581.1600	522
Rampla	10 m	519208.7864	4647415.4136	519200.8726	4647421.7797	502
Viradoiro	23 m+200 m	517879.3262	4644668.8963	517856.6926	4644675.1463	515
TOTAIS	826					
Unidades	m	m	m	m	m	

5.4.2. ENTRONQUES A ASFALTAR: PAVIMENTO, SINALIZACIÓN VIARIA E DRENAXE

5.4.2.1. ENTRONQUES DOS CAMIÑOS CON ESTRADAS MUNICIPAIS ASFALTADAS

Definimos un **(1) entronque dun camiño cunha estrada asfaltada**, co fin de definir a estrutura e a continuidade dos firmes. A continuación inclúense as coordenadas aproximadas do mesmo.

X	Y	Camión	Entronque	Sinalización
518.044,9755	4.643.837,2965	C4	Estrada asfaltada	STOP 60 cm.

Este entronque pavimentado deseñárase de xeito que se asegure a visibilidade. As pendentes de incidencia non superan, en xeral, o 15,00% en subida ou descenso, nos derradeiros quince metros, e contéplase a execución de obras de fábrica necesarias para dar continuidade ás cunetas.

Polo tanto este entronque, respecto á sección tipo de firme do camiño concorrente, posuirán as seguintes características técnicas:

- **Superficie:** Segundo a sección tipo do camiño concorrente, a superficie da capa de rodada a pavimentar en Triple Tratamento Asfáltico, (en abreviatura TTA) dependerá dos radios de entronque, e do ancho da plataforma. No caso dunha sección tipo de 4 metros, a superficie a asfaltar será de 119 metros cadrados.
- **Capa de rodada asfaltada:** Executarase nos seus **primeiros vinte (20) metros** como mínimo mediante a extensión sobre o firme do camiño, e sempre nesta orde:
 - Unha capa de quince (15) centímetros de espesor de macadam 40/70 perfectamente compactado e vinte e cinco (25) centímetros de espesor de material seleccionado.
 - Un triple tratamento asfáltico a base de:
 - Primeira rega (semiprofunda): Con dotación de 3,50 kg. de emulsión ECR-2 saturados con 20 l. de grava miúda 8/12.
 - Segunda rega (superficial): Con dotación de 2,00 kg. de emulsión ECR-2 saturados con 10 l. de grava miúda 5/8.
 - Terceira rega (de selado): Con dotación de 1,50 kg. de emulsión ECR-2 saturados con 5 l. de area lavada.
- **Dotación da sinalización viaria:** Implantaranse un sinal vertical de STOP, Serie C e Tipo 4, de 60 cm. diámetro neste entronque.
- **Dotación de Obra de Drenaxe Transversal (ODT):** A correspondente á escorrenta superficial.

6. NORMAS CONSTRUTIVAS

Ademais das especificadas no Prego de Prescricións do presente Proxecto, teranse en conta as seguintes:

- Os camiños afirmados faranse logo de quedar totalmente terraplenados e compactados ata a altura da rasante.
- Se no transcurso das obras aparece algunha canteira, que, por causas xustificadas puidese interesar explotar, poderase, a xuízo do Director das Obras, autorizar o emprego do material obtido nela.
- Como norma xeral, adóptanse noiros en desmontes e terrapléns de pendente 2/3 e 3/2, respectivamente.
- Os terrapléns executaranse por tongadas de espesor acorde coa maquinaria a empregar para alcanzar a densidade esixida, debendo ser consolidada cada tongada antes de engadir a seguinte.
- A capa vexetal superficial, non será utilizada para a compensación de terras e verterase fóra dos límites da área de explanación do camiño ou estenderase sobre as leiras colindantes en época fóra de cultivo.
- Os formigóns executaranse coa resistencia característica que figura nos cadros de prezos e estado de medicións, quedando totalmente prohibido o emprego de saburra, ou revoltón natural, o cal soamente poderá empregarse cando, extraído de leitos de ríos e efectuada a súa clasificación en presenza do Director das Obras, ou persoa en quen delegue, se comprobe que a súa clasificación natural, corresponde exactamente ao previsto nos cadros de prezos. Noutro caso, deberá cribarse e dosificarse volumetricamente, de acordo coas características do formigón.
- A apertura de cunetas en cada camiño, deberá realizarse inmediatamente logo da explanación do camiño en cuestión, co obxecto de defendelo de posibles asolagamentos debidos ás augas superficiais.
- A contrata deberá axustarse estritamente ós prazos parciais e total de execución das obras que figuran no Prego de Condicións Administrativas de contratación que rexe para o Proxecto.
- A efectos da súa medición e abono, corresponde á Dirección das Obras catalogar todo o que expresamente non estivese establecido no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, para o que se regulara polas normas contidas na lexislación vixente aplicable a este tipo de obras

A rede viaria actualmente existente poderá ser aproveitable naqueles tramos que teñan un trazado adecuado e un firme aceptable, aínda que deberá ser mellorada en diferentes aspectos como é o seu propio trazado, pendente, limpeza e ensanche dos camiños, así como na achega de material granular e obras de fábrica correspondentes. Cabe salientar que en ningún dos camiños existentes se poderá deixar o firme tal e como está actualmente.

7. CUMPRIMENTO DOS CONDICIONANTES TÉCNICO-AMBIENTAIS

Tal e coma se pode observar nos anexos: 9, de Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística, 10, de medidas de protección de patrimonio e 11, matriz de condicionantes ambientais e patrimoniais; e en cumprimento dos estudos ambientais previos, para un correcto desenvolvemento medioambiental das obras previstas, todas as medidas correctoras necesarias se toman acorde cos condicionantes técnico-ambientais establecidos polo Servizo de Estruturas e Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio Rural.

TÁBOA RESUMO DE AFECCIÓNIS					
Nome	Lonx. Eixo	Tipo	Ambiental	Patrimonial	Policiá
C1	57 m	Nova Apertura	NON	NON	NON
C2	63 m	Mellora	NON	NON	SI
C3	203 m	0+000-0+100 – mellora 0+100-0+203 – nova apertura	NON	NON	NON
C4	123 m + 147 m	0+000-0+123 – nova apertura 0+123-0+270 mellora	NON	NON	SI
Rampla	10 m	Mellora	NON	NON	SI
Viradoiro	23 m + 200 m	Nova Apertura	NON	NON	NON

CONCLÚESE que a Obra recollida no **“Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)”** á espera das observacións ó respecto que podan realizar os organismos con competencia na materia, cumpre co esixido na Normativa Ambiental e Patrimonial vixente e rexedora para este tipo de actuacións, no seu conxunto, a cal se relaciona a continuación:

- Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Tomiño, aprobado definitivamente o 29 de marzo do 2001, Publicado no BOP o 15 de maio do 2001.
- Lei 4/2015, do 17 de Xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.
- Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural.
- Regulamento (UE) 2016/1628 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de setembro do 2016, sobre os requisitos relativos aos límites de emisións de gases e partículas contaminantes e á homologación do tipo para os motores de combustión interna que se instalen nas máquinas móbiles no de estrada, polo que se modifican os Regulamentos (UE) n.º 1024/2012 e (UE) n.º 167/2013, e polo que se modifica e derroga a Directiva 97/68/CE.
- R.D. 849/1986, do 11 de abril, polo que se rixe o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, (Modificado por R.D. 367/2010, R.D. 9/2008, R.D. 1620/2007, R.D. 606/2003, Resolución de 21 de novembro de 2001, R.D. 1771/1994, R.D. 419/1003 e R.D. 1315/1992).
- Decreto 174/2005, de 7 de decembro, polo que se regula a Autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

- Decreto 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos Ecosistemas acuáticos continentais, e de maneira particular todo o sinalado no anexo V de dito decreto respecto á calidade das augas.
- Real Decreto 1/2016, de 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos Plans Hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Xúcar, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Duero, Tajo, Guadiana e Ebro (BOE nº 16, do 19 de xaneiro de 2016), o cal, na súa Disposición Derogatoria Única, de Derogacións, indica que á súa entrada en vigor, queda derogado Real Decreto 285/2013, de 19 de abril, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, (D.O.G. nº 171 de 4/9/2001).
- R.D. Legislativo 1/2001, do 20 de xullo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Lei 5/2016, do 4 de Maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- Orde Circular 2/2017, pola que se regulan os accesos na rede autonómica de estradas de Galicia.

8. AVALIACIÓN ECONÓMICA

Tendo en conta os datos tanto xerais da zona coma os contidos no Documento de ORZAMENTO, do presente Proxecto, e considerando os prezos de execución material dedúcense os seguintes índices:

	Segundo PROXECTO	
Lonxitude total da Rede de Camiños Secundarios:	826 m	0,826 km
Superficie total:	3.752,72 ha	
Densidade da Rede de Camiños por ha concentrada:	0,00022 km/ha	
Ratios de investimento globais:	63,35 €/m	13,943 €/ha
Total Investimento de Execución Material:	52.324,72 €	

Á vista dos índices calculados, o investimento considérase viable dada a idoneidade dos índices en comparación con outras zonas e cas propias directrices establecidas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

9. REQUISITOS ADMINISTRATIVOS

9.1. DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA

De acordo co establecido no artigo 125 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado, aprobado polo Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, os traballos e a valoración contida no presente proxecto refírese a unha obra completa susceptible de ser entregada ó servizo público

unha vez rematada e reúne os requisitos esixidos na normativa vixente en materia de contratos.

9.2. AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS

Os camiños e obras situados nas zonas de concentración parcelaria precisan as seguintes autorizacións:

Precisa tramitación ante Conservación Natureza?	NON
Precisa tramitación ante Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental?	NON
Precisa tramitación ante Confederación Hidrográfica Miño - Sil?	SI
Precisa tramitación ante ADIF?	NON
Precisa tramitación ante Concello?	SI*
Precisa tramitación ante Deputación Provincial?	NON
Precisa tramitación ante Ministerio de Fomento?	NON
Precisa tramitación ante Propietario do Abastecemento?	NON
Precisa tramitación ante Propietario da rede eléctrica?	NON
Precisa tramitación ante Propietario da rede de telefonía?	NON
Precisa tramitación ante Rede Autonómica de Estradas de Galicia?	NON**
Precisa tramitación ante Patrimonio?	NON

**Só no caso de que sexa necesario para a realización dos entronques dos camiños secundarios en estradas asfaltadas existentes*

***Non será preciso tramitación perante a Rede Autonómica de Estradas de Galicia pero débese realizar tramitación ante a mesma.*

9.3. PRAZOS DE EXECUCIÓN

O prazo previsto para a execución das obras é de **TRES (3) MESES**, a contar a partir da data de replanteo. A programación das actividades pódese ver no Anexo Nº 6, de Programación Técnica e Económica.

9.4. REVISIÓN DE PREZOS

De acordo co disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a revisión de prezos terá lugar cando se teña executado polo menos o 20% do seu importe e houbesen transcorrido dous anos dende a

formalización.

Polo tanto, o primeiro 20% executado e os dous primeiros anos transcorridos dende a formalización quedarán excluídos da revisión. Como queira que o prazo de execución previsto da obra é de 3 meses, considérase que **non procede a revisión de prezos para este proxecto**.

9.5. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo previsto de garantía é de **UN (1) ANO**, a contar a partir da recepción da obra totalmente concluída.

9.6. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

A clasificación do contratista farase tendo en conta o preceptuado na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 e debe entenderse a título orientativo xa que segundo o disposto no Art. 77 da citada Lei, non será precisa a clasificación neste contrato de obras.

A clasificación proposta é a seguinte: Grupo G (Viais e pistas) e Subgrupo 6 (Obras viais sen cualificación específica).

9.7. CLASIFICACIÓN DO CONTRATO

Sendo a Anualidade Media inferior a 150.000 €, e, de acordo co definido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, o contrato está clasificado na **Categoría 1**.

9.8. XESTIÓN DE RESIDUOS

Todos os residuos xerados na execución da obra proxectada cumprirán o establecido tanto no Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, como na Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, polo que se redacta o Anexo Nº 8, de Plan de Xestión de Residuos, adxunto ó presente Proxecto.

9.9. SEGURIDADE E SAÚDE

As obras a executar acolleranse ó disposto na Regulamentación vixente sobre Seguridade e Saúde Laboral, e segundo o establecido no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción redáctase o oportuno Estudio de Seguridade e Saúde, acompañándose como Anexo Nº 12, de Estudio de Seguridade e Saúde, e incorporándose ó Orzamento Xeral do Proxecto coma capítulo independente.

10. ORZAMENTO

CAPITULO	RESUMO	EUROS	%
01	LABORES PREPARATORIAS E MOVEMENTO DE TERRAS.....	5.748,62	10,99
02	OBRAS DE FÁBRICA.....	32.291,07	61,71
03	FIRMES.....	8.055,96	15,40
04	SINALIZACIÓN E BALIZAMENTO.....	1.652,08	3,16
05	XESTIÓN DE RESIDUOS.....	518,79	0,99
06	SEGURIDADE E SAÚDE.....	4.058,20	7,76
TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL		52.324,72	
13,00 % Gastos xerais.....		6.802,21	
6,00 % Beneficio industrial.....		3.139,48	
SUMA DE G.X. e B.I.		9.941,69	
TOTAL VALOR ESTIMADO		62.266,41	
21,00 % I.V.E.....		13.075,95	
TOTAL ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN		75.342,36	

O Orzamento de Execución Material das obras incluídas no presente proxecto ascende á expresada cantidade de CINCUENTA E DOUS MIL TRESCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON SETENTA E DOUS CENTIMOS (52.324,72 €).

O Orzamento Base de Licitación das obras incluídas no presente proxecto ascende á expresada cantidade de SETENTA E CINCO MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E SEIS CENTIMOS (75.342,36 €).

11. CONCLUSIÓNS

Con todo o exposto no presente Proxecto, quedan suficientemente definidas as obras para a súa correcta execución en tempo e forma.

Tomiño, novembro 2022

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

Autor do proxecto.


PROYESTEGAL
PROYECTOS Y ESTUDIOS TÉCNICOS DE GALICIA
CIF: B27159730

Sergio Daniel Orosa López

Colexiado Nº: 29.512

Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)

ANEXO 1

PARÁMETROS DE DISEÑO

ÍNDICE

1.	AVALIACIÓN DA INTENSIDADE MEDIA DIARIA	4
2.	CARACTERÍSTICAS DIMENSIONAIS	5
2.1.	XEOMETRÍA DAS SECCIÓNS TIPO DE CAMIÑO	5
2.2.	XEOMETRÍA PARA O DESEÑO DA RASANTE DOS CAMIÑOS	7
3.	DESEÑO DA ESTRUCTURA DOS CAMIÑOS.....	8
4.	DESCRICIÓN DOS CAMIÑOS	8
5.	DESEÑO DE ENTRONQUES E UNIÓNES	8
5.1.	ENTRONQUES DOS CAMIÑOS CON ESTRADAS MUNICIPAIS ASFALTADAS.....	8

1. AVALIACIÓN DA INTENSIDADE MEDIA DIARIA

Para determinar a Intensidade Media Diaria (I.M.D.) do presente proxecto, necesítase cifrar o parque de maquinaria e o número de vehículos a motor da zona. Considéranse válidas as estatísticas municipais que o Instituto Galego de Estatística (I.G.E.) confecciona, tras ser prorrateadas as mesmas de acordo á superficie abarcada pola Zona de Concentración e á estimación do número de habitantes adicados ó sector agrario unha vez finalizado o proceso de concentración parcelaria.

Os datos reais obtidos para o concello de estudo en canto ó volume e a clase de vehículos existentes na zona, son os seguintes:

Tipoloxía	Ano 2000	Ano 2005	Ano 2010	Ano 2015	Ano 2020
Turismos	4972	6172	7618	8156	9531
Motos	246	333	617	741	1074
Furgonetas e Camións	930	1225	1448	1507	1699
Autobuses	11	12	15	21	21
Tractores industriais	20	38	59	61	70
Outros	124	243	356	403	461

Por outro lado, no Estudo de Viabilidade relativo a esta zona de concentración parcelaria realizáronse estudos socioeconómicos que serviron de base para estimar os días de circulación ó ano, que xunto co volume de vehículos existentes na zona estimados anteriormente, determinan o número de vehículos locais que circulan ó ano ou o número de vehículos que circulan ó día (I.M.D.).

O número total de vehículos a motor no Concello é de 12856 cunha porcentaxe do 3,59 % de tractores industriais. Á vista destes datos estímase unha I.M.D. moi inferior a 45 vehículos/día. En función do devandito parámetro estímase a velocidade base do proxecto, que para o conxunto dos camiños proxectados defínese coma velocidade máxima 50 Km/h, aínda que cabe esperar velocidades inferiores nos camiños con servizo forestal (ata de 30 Km/h).

2. CARACTERÍSTICAS DIMENSIONAIS

2.1. XEOMETRÍA DAS SECCIÓNS TIPO DE CAMIÑO

A partir da velocidade base do proxecto e da estruturación xerárquica dos camiños, establecéronse as características dimensionais fundamentais dos camiños proxectados. Ditas características están dentro das recomendacións establecidas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. Respecto da profundidade mínima de cunetas adoptada, sinalar que por definición é a distancia medida entre a cota máxima do terreo natural e o fondo da mesma. A continuación descríbense as seccións tipo adoptadas:

SECCIÓN TIPO SC-1	
Ancho de firme en carrís	3,00m
Tipoloxía da base	Material de préstamo
Tipoloxía da subbase	-
Firme no que se apoia a subbase	Material seleccionado
Profundidade base	0,40m
Profundidade da subbase	-
Bombeo	-2% +2%
Profundidade gabias	-
Ancho das gabias	-

SECCIÓN TIPO SC-2	
Ancho de firme en carrís	3,00m
Tipoloxía da base	Material de préstamo
Tipoloxía da subbase	-
Firme no que se apoia a subbase	Material seleccionado
Profundidade base	0,40m
Profundidade da subbase	-
Bombeo	-2% -2%
Profundidade gabias	-
Ancho das gabias	-

SECCIÓN TIPO SC-3	
Ancho de firme en carrís	4,00m
Tipoloxía da base	Saburra artificial
Tipoloxía da subbase	-
Firme no que se apoia a subbase	Material seleccionado
Profundidade base	0,15m
Profundidade da subbase	-
Bombeo	-2% +2%
Profundidade gabias	-
Ancho das gabias	-

SECCIÓN TIPO SC-4	
Ancho de firme en carrís	4,00m
Tipoloxía da base	Material de préstamo
Tipoloxía da subbase	-
Firme no que se apoia a subbase	Material seleccionado
Profundidade base	0,40m
Profundidade da subbase	-
Bombeo	-2% +2%
Profundidade gabias	-
Ancho das gabias	-

SECCIÓN TIPO SC-5	
Ancho de firme en carrís	4,00m
Tipoloxía da base	Material de préstamo
Tipoloxía da subbase	Pedraplén
Firme no que se apoia a subbase	Material seleccionado
Profundidade base	0,40m
Profundidade da subbase	0,40m
Bombeo	-2% -2%
Profundidade gabias	-
Ancho das gabias	-

SECCIÓN TIPO SC-6	
Ancho de firme en carrís	4,00m
Tipoloxía da base	Saburra artificial
Tipoloxía da subbase	Material de préstamo
Firme no que se apoia a subbase	Material seleccionado
Profundidade base	0,15m
Profundidade da subbase	0,25m
Bombeo	-2% +2%
Profundidade gabias	0,30m
Ancho das gabias	0,50m

Indicar coma norma xeral respecto a seccións tipo descritas que:

- A capa de firme proxectada posuirá, unha vez rematada, unha compactación do 95% do Ensaio Próctor Modificado.
- As medidas de gabias sinaladas establécense dende a sub-rasante da plataforma.

- Tal e coma se determina no Anexo de Movemento de terras e firme, adoptaranse as seguintes pendentes nos noiros da explanación correspondentes a terreos de consistencia franca:

	Sección Tipo de Firme
Desmorte	0.7/1 o 2H/3V
Terraplén	1/1 o 1H/1V

A variación dos noiros da Sección Tipo de Firme en canto as súas pendentes, está asociada a: camiños que circulan a media ladeira ou con pouca pendente transversal; zonas forestais, zonas rochosas ou praderías, nas cales poden aflorar as terras de tránsito a moi pouca profundidade outorgando ó conxunto, pola súa natureza unha considerable estabilidade, o que permite empregar unha maior pendente neste tipo de noiro.

2.2. XEOMETRÍA PARA O DESEÑO DA RASANTE DOS CAMIÑOS

Unha vez fixadas estas características calcúlanse os parámetros xeométricos que definen os acordos horizontais do eixo e os acordos verticais da rasante. Os primeiros fixan os radios de xiro, que deben asegurar unha visibilidade suficiente, ademais de garantir a circulación por eles, sen que a forza centrífuga orixine perigos de deslizamento transversal ou mesmo volteo, e que a condución se faga sen esforzos bruscos. Os segundos, deséñanse co obxectivo de evitar o efecto “despegue” ou de “choque” dos vehículos, o que facilita a visibilidade no primeiro dos casos. De tal forma que obtivéronse os seguintes cadros:

ACORDOS HORIZONTAIS		
Velocidade base (V)	Camiños pavimentados	Camiños sen pavimentar
	$R_{\text{mínimo}} = 0,026 \times V^2$	$R_{\text{mínimo}} = 0,031 \times V^2$
30 Km/h	23,00 metros	28,00 metros
40 Km/h	42,00 metros	50,00 metros
50 Km/h	65,00 metros	78,00 metros

ACORDOS VERTICAIS		
Velocidade base (V)	Acordo cóncavo (R_{CV})	Acordo convexo (R_{CX})
	$R_{CV} = 0,1 \times V^2$	$R_{CX} > 0,2 \times V^2$
30 Km/h	90,00 metros	> 180,00 metros
40 Km/h	160,00 metros	> 320,00 metros
50 Km/h	250,00 metros	> 500,00 metros

Con todo, non sempre é posible cumprir con estes acordos teóricos, dada as premisas fundamentais de minimizar os movementos de terras, facilitar o acceso ás leiras colindantes os camiños e, en xeral, minimizar todos os impactos ambientais, aspecto, o segundo, que debe de primar sobre o resto, dado que con esta rede trátase de facilitar o acceso á totalidade dos lotes de reemprazo, tendo sempre presentes os límites establecidos pola seguridade viaria.

3. DESEÑO DA ESTRUCTURA DOS CAMIÑOS

A construción dos novos camiños previstos comezarase mediante actuacións combinadas de roza, desmorte e terraplén que completarán o movemento de terras previsto para estes, empregándose un material tolerable coma mínimo, segundo artigo 330 do PG-3 (*Prego de Prescricións Técnicas Xerais para as Obras de Estradas e Pontes*), definindo, ó remate, a súa plataforma.

A continuación, sobre o plano de fundación creado construírse as diferentes seccións tipo segundo as características técnicas asignadas ó camiño a executar, mediante a extensión dunha capa de material seleccionado de préstamo de 40 cm nos camiños C1, C3 e RAMPLA; mediante a extensión cunha capa de saburra artificial ZA-40 con compactación do 96% Próctor Modificado de 15 cm de espesor no camiño C2 e VIRADORO; mediante a extensión dunha capa de pedraplén de 40 cm con xeotextil e unha capa de material seleccionado de préstamo de 40 cm no camiño C3 e mediante a extensión dunha capa de material seleccionado de préstamo de 40 cm e unha capa de saburra artificial ZA-40 con compactación do 96% Próctor Modificado de 15 cm de espesor no camiño C4

4. DESCRICIÓN DOS CAMIÑOS

Neste apartado indícaranse principalmente as características máis destacadas de cada camiño:


Nome	Lonx. Eixo	Tipoloxía	Sección Tipo	Orixe	Fin
C1	57	Nova Apertura	SC-1 e SC-2	Camiño en Sanomedio	Fincas
C2	63	Mellora	SC-3	Camiño principal	Fincas
C3	203	0+000-0+100 Mellora 0+100-0+203 Nova Apertura	SC-4 e SC-5	Camiño principal	Fincas
C4	123 + 147	0+000-0+123 Nova Apertura 0+123-0+270 Mellora	SC-6	Camiño principal	Pista asfaltada
RAMPLA	10	Mellora	SC-4	Camiño en A Aldea	Fincas
VIRADOIRO	23*+200	Nova Apertura	SC-3	Camiño en Soutelo	Fincas
TOTALES	826				
Unidades	m				


5. DESEÑO DE ENTRONQUES E UNIÓN

5.1. ENTRONQUES DOS CAMIÑOS CON ESTRADAS MUNICIPAIS ASFALTADAS

Definimos un **(1) entronque dun camiño cunha estrada asfaltada**, co fin de definir a estrutura e a continuidade dos firmes, e realizarase, aproximadamente, nas seguintes coordenadas (UTM Datum ETRS89 e Fuso 29):

X	Y	Camiño	Entronque	Sinalización
518044.9755	4643837.2965	C4	Estrada asfaltada	STOP 60 cm.





Proxecto de Obras Complementarias
na Zona de Concentración Parcelaria
de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño,
Pontevedra)

ANEXO 2

LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO

ÍNDICE

1. NATUREZA E OBXECTO DO TRABALLO	4
2. OBSERVACIÓN DAS BASES DE REPLANTEO.....	4
2.1. OBSERVACIÓN DA REDE BÁSICA	4
2.2. LISTADO DE OBSERVACIÓNS G.P.S. DE BASES.....	4
2.3. DESCRICIÓN DE DETALLE DA METODOLOXÍA DE OBSERVACIÓN G.P.S. CON REDES VIRTUAIS.....	9
2.4. LISTADO DE BASES DA REDE BÁSICA DE REPLANTEO	9
3. LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO	10
3.1. EQUIPOS EMPREGADOS	12

SUBANEXO I: BASES DE REPLANTEO

SUBANEXO II: PLANO DO LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO

SUBANEXO III: LISTADO DE REPLANTEO DOS EIXOS

1. NATUREZA E OBXECTO DO TRABALLO

O traballo realizado corresponde á confección do Levantamento Topográfico, que nos permitirá a obtención da cartografía detallada da zona de actuación e así poder deseñar a **Rede de Camiños Secundarios da Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián - Figueiró, Concello de Tomiño, Provincia de Pontevedra** de xeito exacto e preciso, tanto a nivel técnico coma orzamentario.

2. OBSERVACIÓN DAS BASES DE REPLANTEO

2.1. OBSERVACIÓN DA REDE BÁSICA

A comprobación de coordenadas fíxose como punto de partida dos traballos a realizar, observáronse algúns vértices para o Levantamento Topográfico dos Planos Parcelarios da **Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián - Figueiró**. Empregouse para isto tecnoloxía G.P.S., mediante antenas e equipos G.P.S. da marca TRIMBLE Modelo R-8, conectados vía modem para a transmisión/recepción de datos GPRS có centro de control da Rede Virtual de Estacións de Referencia Privada GALNET, obtendo en tempo real as Coordenadas UTM (Datum ETRS89 e Fuso 29) das Bases tomadas en campo.

Para lograr unha perfecta uniformidade do levantamento topográfico da Rede de Camiños coa cartografía existente, realizouse unha calibración e axuste en 3D mediante o posicionamento nalgúns bases da Rede Básica existente, distribuídas estratexicamente para obter unha perfecta calibración de toda a zona obxecto do proxecto.

Unha vez dada por boa a calibración e axuste, implantáronse e observaron bases dende as cales se observaron os puntos necesarios para a totalidade do levantamento topográfico dos camiños.

En canto ó procedemento empregado para a determinación da posición dos puntos levantados mediante observacións GPS, achégase, no apartado 2.3 do presente Anexo, a descrición do mesmo.

2.2. LISTADO DE OBSERVACIÓNS G.P.S. DE BASES

2.2.1. PARÁMETROS XERAIS DA OBSERVACIÓN

Sistema de Coordenadas:	UTM ETRS-89
Datum Vertical:	NTv2 IGN Península
Unidades de Coordenadas:	Metros
Unidades de Distancia:	Metros
Unidades de Altura:	Metros
Data:	30/09/2022
Zona:	Fuso 29

2.2.2. VÉRTICE XEODÉSICO OBSERVADO

As coordenadas observadas (X,Y) foron as seguintes en coordenadas UTM e datum ETRS89:

Vértice Amorín	525832,769	4649771,474
Vértice Pedrada	517865,977	4650624,171



Red de Infraestructuras Geodésicas
Subdirección General de Astronomía, Geodesia y Geofísica

Reseña Vértice Geodésico

1-jul-2022

Número.....: 26120
A Obra descrita no proxecto sinalado no punto anterior é unha actuación englobada dentro do Plan de Obras e Melloras Territoriais coma Obras e Infraestruturas Básicas inherentes ó proceso de concentración, e promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia.

Da documentación obrante no Organismo de Conca conclúese que está dentro do ámbito e pertence ó Organismo de conca: **Confederación Hidrográfica Miño-Sil**.

Todo o xustificado no presente anexo axústase perfectamente ó indicado e esixido no Real Decreto 1/2016, de 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos Plans Hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Júcar, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Duero, Tajo, Guadiana e Ebro (BOE nº 16, do 19 de xaneiro de 2016), o cal, na súa Disposición Derogatoria Única, de Derogacións, indica que á súa entrada en vigor, queda derogado Real Decreto 285/2013, de 19 de abril, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.

3. XUSTIFICACIÓN HIDROLÓXICA DA OBRA

3.1. Tala de vexetación de ribeira

Na execución do ***“Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)”*** non se efectúa ningunha tala de vexetación localizada en canles naturais e/ou a súa Zona de Policía, a excepción da limpeza e broza superficial necesarias e previstas para a implantación das ODT proxectadas.

Cúmprese, polo tanto, có establecido na epígrafe 3 do Artigo 34º, de Tala e plantación de árbores, do Capítulo VII, de Medidas de protección das masas de auga, da Sección II, de Medidas para a utilización do Dominio Público Hidráulico, do Anexo III, de Disposicións normativas do Plan Hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, do Real Decreto 1/2016, de 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos Plans Hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Júcar, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Duero, Tajo, Guadiana e Ebro (BOE nº 16, do 19 de xaneiro de 2016), a cal indica que se deberá respectar o DPH e franxa de vexetación de ribeira autóctona da zona de servidume e policía.

3.2. Obras de drenaxe transversal

Coma xa se indicou, tense previsto salvar os cruces proxectados dos camiños respecto ás canles públicas existentes na zona, mediante marcos prefabricados de formigón armado. Así como a colocación de varios tubos de formigón armado e de PVC para salvar zonas susceptibles de asolagamento ou derivadas da construción dos camiños.

3.3. Instalacións previstas para o almacenamento, manexo e xestión dos residuos de construción e demolición

Medidas protectoras particulares respecto ás obras proxectadas

O impacto, tanto da construción dos camiños proxectados coma da implantación das obras de drenaxe (transversal e lonxitudinal) previstas, respecto ó sistema hidrolóxico existente na zona de actuación é mínimo, xa que só se verá afectado o tempo que dure a súa execución, téndose en conta mentres, as seguintes pautas de protección:

- As obras, no caso de realizarse en época de estiaxe, facendo o movemento de terras previsto coas medidas necesarias para evitar enturbar as augas da canle debido á posible incorporación de terras, limos ou restos vexetais.
- Así mesmo terase especial coidado en non verter na canle cemento, aceites ou hidrocarburos procedentes da maquinaria ou calquera outra sustancia que poida alterar as condicións fisicoquímicas da auga, cumpríndose en todo momento os parámetros de calidade das augas que se definen no Anexo V do Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.
- O acceso da maquinaria realizarase polo lugar que cause menor impacto, utilizándose a mesma zona que vaia a ser afectada polas obras.
- As labores de mantemento da maquinaria realizaranse en lugares habilitados para iso, sempre lonxe da canle, almacenando os residuos perigosos e non perigosos en condicións de hixiene e seguridade para a súa entrega ao xestor autorizado.
- Non se acumularán materiais ou residuos en lugares que pola súa proximidade á canle sexan susceptibles de ser arrastrados pola auga ou a choiva.
- Procurarase que as obras sexan executadas o antes posible nestas zonas.

Medidas protectoras xerais para o sistema hídrico

Para evitar que o dano sexa maior do imprescindible, propóñense as seguintes medidas correctoras:

- O parque de maquinaria e as súas instalacións auxiliares situarase nunha zona onde as augas superficiais no se vexan afectadas.
- Procederase a realizar un control do movemento de terras cando este se efectúe nas inmediacións de cursos de auga, para evitar así que cheguen sedimentos a estas. Para isto extremaranse as precaucións cando o desenvolvemento destes traballos se realice a unha distancia inferior a dez (10) metros destes cursos.
- Control de erosión e arrastre de materiais ás canles mediante a instalación de barreiras filtrantes a base de pacas de palla de cereal nas marxes dos canles naturais máis pretos ás zonas de execución das obras proxectadas.

Tamén se cumprira o establecido no:

- R.D. 849/1986, do 11 de abril, polo que se o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, (Modificado por R.D. 367/2010, R.D. 9/2008, R.D. 1620/2007, R.D. 606/2003, Resolución do 21 de novembro de 2001, R.D. 1771/1994, R.D. 419/1003 e R.D. 1315/1992).
- Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos Ecosistemas acuáticos continentais, e de maneira particular todo o sinalado no anexo V de dito decreto respecto á calidade das augas.
- R.D. Legislativo 1/2001, do 20 de xullo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.

4. CÁLCULO DE CAUDAIS DE MÁXIMA AVENIDA

4.1. Xustificación do método de cálculo

Para o cálculo de máximas avenidas existen catro opcións a considerar:

- Métodos históricos
- Métodos probabilísticos, (necesidade de aforos de 50 anos)
- Métodos empíricos
- Métodos de simulación hidrolóxica da precipitación máxima probable.

En casos como o do presente estudo, por tratarse de canles de pouca entidade sen posibilidade de acceder a datos fiables, considérase como opción máis adecuada o Método Racional, ou de pequenas concas, desenvolvido no Apartado 2 da Instrución 5.2-IC “Drenaxe superficial” da Instrución de estradas, aprobada a través da Orde do 14 de maio de 1990, (BOE núm. 123, do 23 de maio de 1990), e modificado pola nova orde FOM/298/2016, do 15 de Febreiro, pola que se aproba a norma 5.2-IC drenaxe superficial da Instrución de Carreteras; o cal é de aplicación ao ser o tempo de retención da conca considerada menor a 6 horas.

Este método, válido para pequenas concas (menores de 50 Km²), está baseado na aplicación dunha intensidade media de precipitación na superficie da conca, a través dunha estimación da súa escorrenta. Isto equivale a admitir que a única compoñente desta precipitación que intervéen na xeración dos caudais máximos é a que escorre superficialmente.

4.2. Hipótese de cálculo

Á hora de dimensionar os pasos sobre canles de augas, é de xeral aceptación a tipificación en función das hipóteses seguintes:

- Hipótese 1 - Cálculo da avenida a cincocentos (500) anos: o seu derrubamento causaría danos a terceiros.
- Hipótese 2 - Cálculo da avenida a cen (100) anos: o seu derrubamento causaría danos a terceiros pouco cuantiosos.
- Hipótese 3 - Cálculo da avenida a cincuenta (50) anos: o seu derrubamento causaría danos unicamente a quen o constrúe.

4.3. Fundamentos teóricos

Segundo o método racional, o caudal máximo anual, correspondente a un período de retorno T , calcúlase mediante a seguinte fórmula:

$$Q_T = \frac{I(T, t_c) * C * A * K_t}{3,6}$$

Onde:


Q_T : Caudal máximo correspondente ao período de retorno T , no punto de desaugue da conca. (**m³/s**)

C : Coeficiente medio de escorrenta da conca ou superficie estimada (**adimensional**)

A : Superficie da conca vertente (**Km²**)

$I(T, t_c)$: Intensidade media de precipitación correspondente ao período de retorno (T) considerado, para unha duración do chuveiro igual ao tempo de concentración t_c da conca. (**mm/h**).

K_t : coeficiente de uniformidade que depende das unidades nas que se expresen Q e A , e que inclúe un incremento do 20% en Q , para ter en conta o efecto das puntas de precipitación.



Esta fórmula anterior, é válida para o caso de concas homoxéneas. No caso de concas heteroxéneas, estas, deberán dividirse en concas máis pequenas que sexan homoxéneas respecto aos factores sinalados, os coeficientes de escorrentía (C) e as intensidades ($I(T, t_c)$) calcúlanse por separado, o resultado final será calculado mediante a seguinte fórmula:

$$Q_T = \frac{K_t}{3,6} * \sum_i [I(T, t_c)_i * C_i * A_i]$$

Nos casos máis habituais, dado o pequeno tamaño das concas ás que resulta de aplicación o método de cálculo, usarase un valor medio areal para a intensidade de precipitación na conca $I(T, t_c)$ polo que a expresión anterior resulta:

$$Q_T = \frac{K_t}{3,6} * I(T, t_c) * \sum_i [C_i * A_i]$$

4.4. Cálculo da Intensidade Media

A intensidade de precipitación $I(T, t)$ (en mm/h), correspondente a un período de retorno T , e a unha duración do chuveiro t , a empregar na estimación de caudais polo método racional, obtérase por medio da seguinte fórmula:

$$I(T, t) = I_d * F_{int}$$

Onde:

$I(T, t)$: Intensidade de precipitación correspondente ao período de retorno T e a unha duración do chuveiro t . (**mm/h**).

I_d : Intensidade media diaria de precipitación corrixida correspondente ó período de retorno T (**mm/h**).

F_{int} : Factor de intensidade (**adimensional**).

A intensidade de precipitación a considerar no cálculo do caudal máximo anual para o período de retorno T , no punto de desaugue da conca Q_T , é a que corresponde a unha duración do chuveiro igual ao tempo de concentración ($t=t_c$) da devandita conca.

4.5. Cálculo da Intensidade Media Diaria de Precipitación Corrixida

A intensidade media diaria de precipitación corrixida correspondente ao período de retorno T , obtense mediante a fórmula:

$$I_d = \frac{P_d * K_A}{24}$$

Onde:

I_d: Intensidade media diaria de precipitación corrixida correspondente ó período de retorno **T (mm/h)**.

P_d: Precipitación diaria correspondente ó período de retorno **T (mm)**.

K_A: Factor redutor da precipitación por área da conca (**adimensional**).

Para determinar a precipitación diaria correspondente ó período de retorno T, Pd, débese adoptar o maior valor dos obtidos a partir de:

- Datos publicados pola Dirección Xeral de Estradas.
- Estudio estatístico das series de precipitacións diarias máximas anuais, medidas nos pluviómetros existentes na conca, ou próximos a ela. Débese axustar á serie de precipitacións máximas rexistradas en cada pluviómetro, na función de distribución dos extremos máis apropiada ós datos da zona, considerando ó menos as funcións Gumbel e SQRT ET-max.

Ós efectos desta norma, para a aplicación do método racional tómase como precipitación diaria Pd, a correspondente ó valor medio na superficie da conca (media areal), que se obtén mediante a interpolación espacial dos valores obtidos en cada un dos pluviómetros considerados.

4.6. Factor redutor da Precipitación por área da conca

O factor redutor da precipitación pola área da conca K_A, ten en conta a non simultaneidade da chuvia en toda a súa superficie. Obtense a partir da seguinte fórmula:

- Se $A < 1\text{Km}^2$ $K_A = 1$
- Se $A \geq 1\text{Km}^2$ $K_A = 1 - \frac{\log_{10} A}{15}$

Onde:

K_A: Factor redutor da precipitación por área da conca (**adimensional**).

A: Área da conca (**Km²**)

4.7. Factor de Intensidade

O factor de intensidade introduce a torrencialidade da chuvia no área de estudo e depende de:

- Duración do chuveiro t
- Período de retorno T, si se dispón de curvas intensidade – duración – frecuencia (IDF) aceptadas pola Dirección Xeral de Estradas, nun pluviógrafo situado no entorno da zona de estudo que poda considerarse representativo do seu comportamento.

Tomaremos o maior valor dos obtidos de entre os que se indican a continuación:

$$F_{int} = \max(F_a, F_b)$$

Onde:

F_{int}: Factor de intensidade **(adimensional)**.

F_a: Factor obtido a partir do índice de torrencialidade (I_1/I_d) **(adimensional)**.

F_b: Factor obtido a partir das curvas IDF dun pluviógrafo próximo **(adimensional)**.

Obtención de F_a:


$$F_a = \left(\frac{I_1}{I_d} \right)^{3,5287 - 2,5287 * t^{0,1}}$$

Onde:


F_a: Factor obtido a partir do índice de torrencialidade (I_1/I_d) **(adimensional)**.

t: Duración do chuveiro **(horas)**.

I₁/I_d: Índice de torrencialidade que expresa a relación entre a intensidade de precipitación horaria e a media diaria corrixida. O seu valor determinase en función da seguinte figura **(adimensional)**:



Para a obtención do factor F_a , debemos particularizar a expresión para un tempo de duración do chuveiro igual ó tempo de concentración ($t=t_c$):



Obtención de F_b :

$$F_b = k_b * \frac{I_{IDF}(T, t_c)}{I_{IDF}(T, 24)}$$

Onde:

F_b : Factor obtido a partir das curvas IDF dun pluviógrafo próximo (**adimensional**).

$I_{IDF}(T, t_c)$: Intensidade de precipitación correspondente ó período de retorno T , e ó tempo de concentración t_c , obtido a través das curvas IDF do pluviógrafo (**mm/h**).

$I_{IDF}(T, 24)$: Intensidade de precipitación correspondente ó período de retorno T , e a un tempo de chuveiro igual a 24 horas ($t = 24$ h), obtido a través das curvas IDF (**mm/h**).

K_b : Factor que ten en conta a relación entre a intensidade máxima anual nun período de vinte e catro horas e a intensidade máxima anual diaria. No defecto tomamos ese valor como 1,13 (**adimensional**).

4.8. Tempo de Concentración

Tempo de concentración t_c , é o tempo mínimo necesario dende o comezo do chuviairo para que toda a superficie da conca estea aportando escorrentía no punto de desaugue. Obtense calculando o tempo de percorrido máis longo dende calquera punto da conca ata o punto de desaugue, mediante as seguintes formulacións:

Para concas principais:

$$t_c = 0,3 * L_c^{0,76} * J_c^{-0,19}$$

Onde:

t_c : Tempo de Concentración (**horas**).

L_c : Lonxitude do Cauce (**Km**).

J_c : Pendente media do cauce (**adimensional**).

Dado que o tempo de concentración depende da lonxitude e pendente do cauce escollido, deben tantearse diferentes cauces ou percorridos da auga. Entre todas as posibilidades, deberase escoller aquel que da lugar a un valor maior do tempo de concentración t_c .

Para concas secundarias:

O tempo de concentración débese determinar dividindo o percorrido da escorrentía en tramos de característica homoxénea inferiores a trescentos metros de lonxitude (300 m) e sumando os tempos parciais obtidos, distinguidos entre:

- Fluxo Canalizado a través de gabias, cunetas ou similares; que se poden considerar de réxime uniforme e aplicar a ecuación de Manning.
- Fluxo difuso sobre o terreo:

$$t_{dif} = 2L_{dif}^{0,408} * n_{dif}^{0,312} * J_{dif}^{-0,209}$$

Onde:

t_{dif} : Tempo de percorrido no fluxo difuso sobre o terreo (**minutos**).

n_{dif} : Coeficiente de fluxo difuso (**adimensional**).

L_{dif} : Lonxitude de percorrido no fluxo difuso (**metros**).

J_{dif} : Pendente media (**adimensional**).

Os valores do Coeficiente n_{dif} serán:

Cobertura do terreo		n_{dif}
Pavimentado ou revestido		0,015
Non pavimentado nin revestido	Sen vexetación	0,050
	Con vexetación escasa	0,120
	Con vexetación media	0,320
	Con vexetación densa	1,000

Os valores de t_c para condicións de fluxo difuso serán:

t_{dif} (minutos)	t_c (minutos)
≤ 5	5
$5 \leq t_{dif} \leq 40$	t_{dif}
≥ 40	40

4.9. Coeficiente de Escorrentía

Fórmula de cálculo:

O coeficiente de escorrentía C , define a parte da precipitación de intensidade $I(T, t_c)$ que xera o caudal de avenida no punto de desaugue da conca. Obterase mediante a seguinte fórmula:

$$\bullet \text{ Se } P_d \cdot K_A \leq P_0 \quad C = \frac{\left(\frac{P_d \cdot K_A}{P_0} - 1\right) \cdot \left(\frac{P_d \cdot K_A}{P_0} + 23\right)}{\left(\frac{P_d \cdot K_A}{P_0} + 11\right)^2}$$

$$\bullet \text{ Se } P_d \cdot K_A > P_0 \quad C = 0$$


Onde:

C: Coeficiente de escorrentía (**adimensional**).

P_d : Precipitación diaria correspondente ó período de retorno T considerado (**milímetros**).

K_A : Factor redutor da precipitación por área da conca (**adimensional**).

P_0 : Limiar de escorrentía (**milímetros**).



Limiar de escorrentía:

O limiar de escorrentía P_0 , representa a precipitación mínima que debe caer sobre a conca para que se inicie a xeración da escorrentía. Determinarase mediante a seguinte fórmula:

$$P_0 = P_0^i * \beta$$

Onde:

P_0 : Limiar de Escorrentía (**milímetros**).

P_0^i : Valor inicial do limiar de escorrentía (**milímetros**).

β : Coeficiente corrector do limiar de escorrentía (**adimensional**).

Valor inicial do limiar de escorrentía:

O valor inicial do limiar de escorrentía P_d , determinarase como se refire a continuación, a partires das seguintes táboas:

Código	Uso de solo	Práctica de cultivo	Pendente (%)	Grupo de solo			
				A	B	C	D
11100	Tecido urbano continuo			1	1	1	1
11200	Tecido urbano descontinuo			24	14	8	6
11200	Urbanizacións			24	14	8	6
11210	Estrutura urbana aberta			24	14	8	6
11220	Urbanizacións exentas y/o axardinadas			24	14	8	6
12100	Zonas industriais e comerciais			6	4	3	3
12100	Granxas agrícolas			24	14	8	6
12110	Zonas industriais			12	7	5	4
12120	Grandes superficies de equipamento y servicios			6	4	3	3
12200	Redes viarias, ferroviarias y Terreos asociados			1	1	1	1
12210	Autopistas, autovías y Terreos asociados			1	1	1	1
12220	Complexos ferroviarios			12	7	5	4
12300	Zonas portuarias			1	1	1	1
12400	Aeropertos			24	14	8	6
13100	Zonas de extracción mineira			16	9	6	5
13200	Escombreiras e vertederos			20	11	8	6
13300	Zonas de construción			24	14	8	6
14100	Zonas verdes urbanas			53	23	14	10
14200	Instalacións deportivas y recreativas			79	32	18	13
14210	Campos de golf			79	32	18	13
14220	Resto de instalacións deportivas y recreativas			53	23	14	10
21100	Terras de labor en secán (cereais)	R	≥ 3	29	17	10	8
21100	Terras de labor en secán (cereais)	N	≥ 3	32	19	12	10
21100	Terras de labor en secán (cereais)	R/N	< 3	34	21	14	12
21100	Terras de labor en secán (viveiros)			0	0	0	0
21100	Terras de labor en secán (hortalizas)	R	≥ 3	23	13	8	6
21100	Terras de labor en secán (hortalizas)	N	≥ 3	25	16	11	8
21100	Terras de labor en secán (hortalizas)	R/N	< 3	29	19	14	11
21100	Terras abandonadas		≥ 3	16	10	7	5
21100	Terras abandonadas		< 3	20	14	11	8
21200	Terreos regados permanentemente	R	≥ 3	37	20	12	9

Anexo 5: Estudo Hidrolóxico

Código	Uso de solo	Práctica de cultivo	Pendente (%)	Grupo de solo			
				A	B	C	D
21200	Terreos regados permanentemente	N	≥ 3	42	23	14	11
21200	Terreos regados permanentemente	R/N	< 3	47	25	16	13
21210	Cultivos herbáceos en regadío	R	≥ 3	37	20	12	9
21210	Cultivos herbáceos en regadío	N	≥ 3	42	23	14	11
21210	Cultivos herbáceos en regadío	R/N	< 3	47	25	16	13
21220	Outras zonas de irrigación			0	0	0	0
21300	Arrozais			47	25	16	13
22100	Viñedos		≥ 3	62	28	15	10
22100	Viñedos		< 3	75	34	19	14
22110	Viñedos en secán		≥ 3	62	28	15	10
22110	Viñedos en secán		< 3	75	34	19	14
22120	Viñedos en regadío		≥ 3	62	28	15	10
22120	Viñedos en regadío		< 3	75	34	19	14
22200	Frutais e plantacións de bagas		≥ 3	80	34	19	14
22200	Frutais e plantacións de bagas		< 3	95	42	22	15
22210	Frutais en secán		≥ 3	62	28	15	10
22210	Frutais en secán		< 3	75	34	19	14
22220	Frutais en regadío		≥ 3	80	34	19	14
22220	Frutais en regadío		< 3	95	42	22	15
22221	Cítricos		≥ 3	80	34	19	14
22221	Cítricos		< 3	95	42	22	15
22222	Frutais tropicais		≥ 3	80	34	19	14
22222	Frutais tropicais		< 3	95	42	22	15
22223	Outros Frutais en regadío		≥ 3	80	34	19	14
22223	Outros Frutais en regadío		< 3	95	42	22	15
22300	Olivares		≥ 3	62	28	15	10
22300	Olivares		< 3	75	34	19	14
22310	Olivares en secán		≥ 3	62	28	15	10
22310	Olivares en secán		< 3	75	34	19	14
22320	Olivares en regadío		≥ 3	62	28	15	10
22320	Olivares en regadío		< 3	75	34	19	14
23100	Prados e praderías		≥ 3	70	33	18	13
23100	Prados e praderías		< 3	120	55	22	14
23100	Pastos en Terras abandonadas		≥ 3	24	14	8	6
23100	Pastos en Terras abandonadas		< 3	58	25	12	7
23100	Prados arborados		≥ 3	70	33	18	13
23100	Prados arborados		< 3	120	55	22	14
24110	Cultivos anuais asociados con cultivos permanentes en secán		≥ 3	39	20	12	8
24110	Cultivos anuais asociados con cultivos permanentes en secán		< 3	66	29	15	10
24120	Cultivos anuais asociados con cultivos permanentes en regadío		≥ 3	75	33	18	14

Código	Uso de solo	Práctica de cultivo	Pendente (%)	Grupo de solo			
				A	B	C	D
24120	Cultivos anuais asociados con cultivos permanentes en regadío		< 3	106	48	22	15
24211	Mosaico de cultivos anuais con prados o praderías en secán	R	≥ 3	26	15	9	6
24211	Mosaico de cultivos anuais con prados o praderías en secán	N	≥ 3	28	17	11	8
24211	Mosaico de cultivos anuais con prados o praderías en secán	R/N	< 3	30	19	13	10
24212	Mosaico de cultivos permanentes en secán		≥ 3	62	28	15	10
24212	Mosaico de cultivos permanentes en secán		< 3	75	34	19	14
24213	Mosaico de cultivos anuais con cultivos permanentes en secán		≥ 3	39	20	12	8
24213	Mosaico de cultivos anuais con cultivos permanentes en secán		< 3	66	29	15	10
31150	Bosques de ribeira			76	34	22	16
31160	Laurisilva macaronésica			90	47	31	23
31200	Bosques de coníferas			90	47	31	23
31210	Bosques de coníferas de follas aciculares			90	47	31	23
31220	Bosques de coníferas de follas tipo cupresáceo			90	47	31	23
31300	Bosque mixto			90	47	31	23
32100	Pastizais naturais		≥ 3	53	23	14	9
32100	Pastizais naturais		< 3	80	35	17	10
32100	Prados alpinos		≥ 3	70	33	18	13
32100	Prados alpinos		< 3	120	55	22	14
32100	Formacións herbáceas de chairas aluviais inundadas e chairas costeiras, Terras baixas		≥ 3	70	33	18	13
32100	Formacións herbáceas de chairas aluviais inundadas e chairas costeiras, Terras baixas		< 3	120	55	22	14
32110	Pastizais supraforestais		≥ 3	70	33	18	13
32110	Pastizais supraforestais		< 3	120	55	22	14
32111	Pastizais supraforestais temperado-oceánicos, pirenaicos e orocantábricos		≥ 3	70	33	18	13
32111	Pastizais supraforestais temperado-oceánicos, pirenaicos y orocantábricos		< 3	120	55	22	14
32112	Pastizais supraforestais mediterráneos		≥ 3	24	14	8	6
32112	Pastizais supraforestais mediterráneos		< 3	57	25	12	7
32121	Outros Pastizais temperados oceánicos		≥ 3	53	23	14	9
32121	Outros Pastizais temperados oceánicos		< 3	79	35	17	10
32122	Outros Pastizais mediterráneos		≥ 3	24	14	8	6
32122	Outros Pastizais mediterráneos		< 3	57	25	12	7
32200	Landas e Matogueiras mesófilas			76	34	22	16



Código	Uso de solo	Práctica de cultivo	Pendente (%)	Grupo de solo			
				A	B	C	D
32210	Landas y Matogueiras en climas húmidos. Vexetación mesófila			76	34	22	16
32220	Faial-breza (landa) macaronésico			60	24	14	10
32300	Vexetación esclerófila			60	24	14	10
32311	Grandes Formacións de Matogueira denso o medianamente denso			75	34	22	16
32312	Matogueiras subarbustivos o arbustivos moi pouco densos			60	24	14	10
32320	Matogueiras xerófilos macaronésicos			40	17	8	5
32400	Matogueira boscoso de transición			75	34	22	16
32400	Claros de bosques			40	17	8	5
32400	Zonas empantanadas fixas o en transición			60	24	14	10
32410	Matogueira boscoso de frondosas			75	34	22	16
32420	Matogueira boscoso de coníferas			75	34	22	16
32430	Matogueira boscoso de bosque mixto			75	34	22	16
33110	Praias e dunas			152	152	152	152
33120	Ramblas con pouca ou sen vexetación			15	8	6	4
33200	Rochedo			2	2	2	2
33210	Rochas núas con forte Pendente			2	2	2	2
33220	Afloramentos rochosos y canchais		≥ 3	2	2	2	2
33220	Afloramentos rochosos y canchais		< 3	4	4	4	4
33230	Coladas lávicas cuaternarias		≥ 3	3	3	3	3
33230	Coladas lávicas cuaternarias		< 3	5	5	5	5
33300	Espazos con vexetación escasa		≥ 3	24	14	8	6
33300	Espazos con vexetación escasa		< 3	58	25	12	7
33310	Xeroestepa subdesértica		≥ 3	24	14	8	6
33310	Xeroestepa subdesértica		< 3	58	25	12	7
33320	Cárcavas e/ou zonas en proceso de erosión			15	8	6	4
33330	Espazos orófilos altitudinais con vexetación escasa		≥ 3	24	14	8	6
33330	Espazos orófilos altitudinais con vexetación escasa		< 3	58	25	12	7
33400	Zonas queimadas			15	8	6	4
33500	Glaciares y neves permanentes			0	0	0	0
41100	Humedais e zonas pantanosas			2	2	2	2
41200	Turbeiras e prados turbosos			248	99	25	16
42100	Marismas			2	2	2	2
42200	Salinas			5	5	5	5
42300	Zonas chas intermareais			0	0	0	0
51100	Cursos de auga			0	0	0	0

Código	Uso de solo	Práctica de cultivo	Pendente (%)	Grupo de solo			
				A	B	C	D
51110	Ríos e cauces naturais			0	0	0	0
51120	Canais artificiais			0	0	0	0
51210	Lagos y lagoas			0	0	0	0
51210	Lagos y lagoas (almacenamento de auga)			0	0	0	0
51120	Embalses			0	0	0	0
51120	Embalses (almacenamento de auga)			0	0	0	0
52100	Lagoas costeiras			0	0	0	0
52200	Estuarios			0	0	0	0
52300	Mares e océanos			0	0	0	0

Notas:
A codificación dos tipos del solo corresponde ó proxecto europeo Corine Land Cover 2000.
N: Denota cultivo segundo as curvas de nivel.
R: Denota cultivo segundo a liña de máxima Pendente.

Para determinar os grupos hidrolóxicos do solo a efectos da determinación do valor inicial do limiar de escorrentía usarase esta táboa (ou o diagrama):

Grupo	Infiltración (cando están moi húmidos)	Potencia	Textura	Drenaxe
A	Rápida	Grande	Areosa Areo-limosa	Perfecto
B	Moderada	Media a grande	Franco-areosa Franca Franco-arxilosa-areosa Franco-limosa	Bo a moderado
C	Lenta	Media a pequena	Franco-arcillosa Franco-arxilo-limosa Arxilo-areosa	Imperfecto
D	Moi lenta	Pequeno (litosolo) ou horizontes de arxila	Arxilosa	Pobre ou moi pobre



Coeficiente corrector do limiar de escorrentía:

A formulación do método racional efectuada nos epígrafes anteriores require unha calibración cos datos reais das concas, que se introduce no método a través dun coeficiente corrector do limiar de escorrentía b .

Os datos xerais para a realización deste cálculo son os que aparecen na seguinte táboa:



Rexión	Valor medio, β_m	Desviación respecto ó valor medio para o intervalo de confianza do:			Período de retorno T (anos), F_T				
		50% Δ_{50}	67% Δ_{67}	90% Δ_{90}	2	5	25	100	500
11	0,90	0,20	0,30	0,50	0,80	0,90	1,13	1,34	1,59

E usaremos a seguinte fórmula para o caso de drenaxe transversal de vías de servizo, ramais, camiños, acesos a instalacións e edificios auxiliares da estrada e outros elementos anexos (sempre que o funcionamento destas obras non afecte á estrada principal) e drenaxe da plataforma e marxes: Debemos aplicar o produto do valor medio da rexión do coeficiente corrector do limiar de escorrentía por un factor dependente do período de retorno T , considerado para o caudal de proxecto no elemento de que en cada caso se trate:

$$\beta^{PM} = \beta_m * F_T$$

Onde:

β_{PM} : Coeficiente corrector do limiar de esorrentía para drenaxe da plataforma e marxes, ou drenaxe transversal de vías auxiliares **(adimensional)**.

β_m : Valor medio na rexión, do coeficiente corrector do limiar de esorrentía **(adimensional)**.

F_T : Factor función do período de retorno T **(adimensional)**.

4.10. Coeficiente de Uniformidade na distribución temporal da Precipitación

O coeficiente K_T ten en conta a falta de uniformidade na distribución temporal da precipitación. Obterase a través da seguinte expresión:

$$K_t = 1 + \frac{t_c^{1,25}}{t_c^{1,25} + 14}$$

Onde:

K_t : Coeficiente de uniformidade na distribución temporal da precipitación **(adimensional)**.

t_c : Tempo de concentración da conca **(horas)**.

5. DRENAXE TRANSVERSAL

5.1. Introducción

A función principal do drenaxe transversal, é a de recuperar a continuidade da rede de drenaxe natural do terreo existente (valgadas, cauces ou canles, regatos ou ríos), permitindo o seu paso baixo os camiños proxectados. Outra función importante das devanditas obras, é a de efectuar o drenaxe da plataforma e as súas marxes.

Xustificaranse os seguintes aspectos das O.D.T:

- Dimensións da sección de desaugue.
- Pendente da soleira.

Ademais deses aspectos, hai outros que están xustificados na propia declaración inicial de impacto ambiental, como os seguintes:

- Lonxitude. Que tratará de ir sempre perpendicular ao trazado do camiño, polo tanto a lonxitude ven determinada pola sección tipo do camiño.
- Material Utilizado. Será de formigón, xa que é o material que mellor se integra no entorno.

Os condicionantes que imporán estes parámetros son:

- Caudal de cálculo a desaugar.
- Altura máxima permisible da lámina de auga á entrada da O.D.T.
- Velocidade máxima de auga permitida.

5.2. Bases do cálculo das obras de drenaxe transversal proxectadas

Para estimar a capacidade de desaugue nos elementos onde a perda de enerxía sexa debida ao rozamento con condutos ou paredes rugosas en réxime turbulento emprégase a FÓRMULA DE MANNING-STRICKLER:

$$Q_e = \frac{1}{n} * R_h^{\frac{2}{3}} * J'^{\frac{1}{2}} * S_m$$

Onde:

n: Coeficiente de rugosidade.

R: Radio hidráulico.

J: Pendente da liña de enerxía.

Coeficiente de rugosidade (n): Este coeficiente varía en función do tipo de materiais a empregar e da súa execución en obra. Neste caso, e, poñéndonos sempre do lado da seguridade, utilizaranse un valor de 0,04, para o marco prefabricado, xa que o auga discurrirá parcialmente en contacto co terreo da canle que salvan, debido a que se soterran baixo esta, cunha salvagarda inferior mínima de 20 cm e máxima determinada pola pendente do terreo existente na actualidade.

Radio hidráulico: É variable en función da dimensión xeométrica do elemento de drenaxe. O cálculo do presente parámetro realízase mediante a fórmula:

$R = \text{Superficie mollada (Sm)} / \text{Perímetro mollado (Pm)}$

Para determinar a sección de drenaxe para as tipoloxías a empregar de marcos e pórticos, o nivel da auga alcanza como máximo a sección interior das mesmas, descontando o espesor das salvagardas (*superior e inferior*) definidas no punto 5.2.2.1 do presente Anexo, con un valor, segundo a superficie da conca considerada, de:

- Salvagarda superior: utilizarase unha salvagarda de 0,25 metros para estar sempre do lado da seguridade, xa que desta maneira utilizaranse obras de maior capacidade que poderán achicar a auga en caso extremo de asolagamentos. Esta salvagarda depende da superficie da conca de estudio, tendo en conta que as concas son menores de 5 Km² con 0,25 metros sería suficiente.
- Salvagarda inferior: mínimo 0,20 metros, de novo para asegurar unha boa previsión respecto a casos extremos.

Neste caso, para as obras de drenaxe baixo estudo o valor da súa S_m (*Superficie mollada*) e do seu P_m (*Perímetro mollado*) determinarase mediante medicións gráficas respecto ó perfil transversal que se xera na sección máis desfavorable da O.D.T. (*augas arriba*) establecendo os seguintes criterios:

- H_{sd} = Altura libre mínima que terá interiormente a odt proxectada na sección de desaugue máis desfavorable (*augas arriba*).

- S_m = Área definida entre o terreo por abaixo, a cara interior dos seus muros e a altura libre da lámina de auga (*descontando a salvagarda superior*) baixo a cara inferior da estrutura.
- P_m = Perímetro da área mollada definida no punto anterior descontando a lonxitude da cara superior da mesma (*da lámina de auga*) que no presente caso sempre coincidira coa anchura interior das estruturas previstas.

A continuación amosase na seguinte táboa o resultado das medicións gráficas destes parámetros feitas respecto ó marco proxectado e representado ó longo dos Planos de *Seccións de Implantación das ODT proxectadas*, axuntos no presente anexo.

Nome Conca	Camiño	Tipoloxía	Período de retorno (T)	Perímetro Mollado	Superficie Mollada	Radio Hidráulico
C1	C1	Marco de 3.5x2.5 m	500	7.015	6.151	0.877
C2	C2	Marco de 3.5x1.5 m	100	5.228	3.024	0.578
			anos	m	m ²	m

O motivo do cálculo da ODT C2 a un período de retorno de 100 anos, é para non sobredimensionar unha obra de pequena entidade que só vai a dar acceso a unha parcela de concentración e que no caso de calculala a 500 anos provocaría a colocación dun marco máis alto que desencadearía unha sobreelevación da rasante actual.

5.3. Resumo dos cálculos realizados

En primeiro lugar debemos mencionar que os cálculos de conca se realizan para os 3 camiños máis desfavorables en canto á proximidade do camiño ó curso de auga máis próximo. De todos eles, ademais das concas C1 e C2 (que serán salvada mediante os seus correspondentes marcos de formigón descritos no apartado anterior), destaca o camiño/conca C3. Existe un camiño actual que remataría no camiño proxectado e que na actualidade atravesa o rego das Cerradas, que xa está canalizado por debaixo mediante dous canos de 80 centímetros de formigón; este camiño non se vai a modificar, polo que se manterá a ODT existente, os traballos a realizar, aínda que se van a producir na zona de servidume do regato, non implican movemento de terras, xa que o firme se atopa en bo estado de conservación. No apartado de planos do anexo observaremos en detalle este camiño.

Por este motivo estudamos a súa conca, pero non o seu cruzamento xa que se vai a manter tanto o tubo coma a rasante actual, para non provocar estragos no cano.

Ademais destes 3 camiños destacados, mencionamos tamén o viradoiro que se vai a facer preto do Regato Cerradas moi próximo ó cruzamento C2. Neste caso, para realizar a obra, realizouse a medición do camiño actual e do regato, para non modificar a zona de servidume nin as súas proximidades. A actuación neste caso simplemente será limpar o camiño actual e anchear un pouco a superficie de firme na súa parte final para facer un viradoiro, evitando así aproximarse ó regato.

5.4. Xustificación do período de retorno utilizado nos cálculos

En primeiro lugar mencionamos o que indica a normativa da Demarcación Hidrográfica Miño – Sil, que será o Real Decreto 1/2016, do 8 de Xaneiro. Este organismo é o que temos que atender polo emprazamento do proxecto de estudo.

O artigo 47.3 do Real Decreto 1/2016 do 8 de Xaneiro, di o seguinte:

“Las obras de paso de poca importancia sobre cauces de pequeña entidad en zona rural o en zona llana, deberán tener al menos mayor capacidad de desagüe que dicho cauce, en los tramos inmediatamente aguas arriba y aguas abajo. Hasta 20 m de luz el cauce se salvará con un solo vano; para luces mayores habrá un vano central de 15 m y otro u otros dos con luces mayores de 3 m, evitándose apoyos intermedios sobre el cauce cuando el ancho de este sea inferior a la luz del vano central del puente. La parte inferior del tablero quedará a 25 cm por encima de los terrenos colindantes, no así sus accesos, cuyos 20 m antes y después de la obra de paso quedará al nivel de los terrenos, de manera que se inunden antes los accesos que la obra. Asimismo, no podrán cortar el remonte de la fauna piscícola. En caminos rurales para cauces de pequeña entidad en zonas no llanas, la obra de paso deberá permitir el desagüe de la avenida de 50 años de período de retorno y que no se produzca un estrechamiento que disminuya su capacidad de drenaje. A efectos de aplicación del artículo 126.2 del RDPH, respecto al trámite de información pública, se considerarán cauces de pequeña entidad, aquellos cuya cuenca de aportación sea inferior a 5 km² y siempre que, como consecuencia de la destrucción de la obra por la fuerza de las avenidas, no se puedan derivar daños significativos a personas o bienes”

É importante destacar que os cálculos de caudais dos marcos de formigón se realizarán neste proxecto para un período de retorno de 500 e de 100 anos, neste último caso para evitar un dimensionamento excesivo das ODT e que o mesmo tempo teña unha boa previsión ante casos extremos de inundacións.

Os datos a ter en conta para poder xustificar o uso deste período de retorno son os seguintes:

- **Características dimensionais das infraestruturas da zona:**
 - Camiños de pouco ancho de plataforma (3-5 metros).
 - Obras e camiños de mellora e ampliación que se axustan ós existentes.
 - Creación de cunetas que permiten evacuar as augas nos puntos necesarios.
- **Espesuras de firme:**
 - Bombeo do 2% para a plataforma (máis a pendente lonxitudinal).
 - Saburra (0,15 m.).
 - Subbase (0,35 m.).
 - Triple rega + Macadam (0,15 m.) nos entronques
- **Intensidade media diaria de tráfico:**
 - Inferior a 45 vehículos por día.
- **Zona de emprazamento:**
 - Os camiños da ZCP de estudo non posúe ningún cruzamento de ríos nin regatos de grande importancia, xa que todas as ODT calculadas se atopan nas zonas próximas ó nacemento dos mesmos.

- Destacar que dependendo da época do ano, o caudal de todas as zonas de estudio levan pouca auga. O día da visita (30 de Setembro do 2022) os regatos levaban un caudal considerable debido as choivas torrenciais do día anterior.
- **Peculiaridades da zona:**
 - Pistas asfaltadas existentes que cruzan regatos mediante tubos ou pontellos de menor ou igual tamaño que os dimensionados neste estudo, e sen aparentes signos de desgaste provocados por auga.
 - Aproveitamento de camiños existentes, polo que apenas se vai a provocar modificacións da topografía dos arredores.
- **Entidade do leito:**
 - Regatos de pouca entidade: canles inferiores a 100 centímetros e profundidades próximas a cero (comprobadas en diferentes visitas a campo).
 - Proximidade das ODT ós puntos onde nacen os regatos, polo que non posúen un grande volume de auga nas condicións máis habituais.

En resumo, a utilización dun período de retorno de 100 anos, se xustifica polas características dimensionais dos camiños (seccións tipo); pola intensidade media diaria que van a soportar e tamén polo feito de que se trata dun proxecto de creación de obras complementarias para unha Zona de Concentración Parcelaria que non vai a provocar grandes alteracións na orografía da zona, xa que se respecta a topografía sempre que é posible; e porque as trazas dos camiños posúen un espesor de firme adecuado que permitirá soportar e desaugar as choivas indicadas dunha maneira ampla.

Desta mesma maneira, tanto a entidade do leito, como as peculiaridades da zona, permiten confirmar que o cálculo para un período de retorno de 100 anos é factible.

Todos estes datos atópanse descritos nos correspondentes anexos de Topografía, Xeotécnica e Seccións Tipo.

6. CAMIÑOS LOCALIZADOS NA ZONA DE POLICÍA DOS CANLES

Os treitos paralelos a liñas de corrente de auga de certos camiños proxectados, pódense ver no Plano de Concas, axunto ó presente anexo. Na seguinte táboa aparecen todos os camiños que entran nas zonas de Policía dos mesmos. Distinguindo se se produce un cruce ou se simplemente pasan por esa superficie, ademais podemos ver tamén a lonxitude do tramo afectado e o Pk máis desfavorable.

Nome	Afección. Lonxitude	¿Cruza o curso?	Nome Regato
C1	57 m	SI	Regato dos Bravos
C2	63 m	SI	Regato Cerradas
C3	203 m	NON	Regato Cerradas
C4	0.00 m	NON	
Rampla	0.00 m	NON	
Viradoiro	23 m	NON	Regato Cerradas
TOTALES	346 m		

No subanexo 1, esta táboa aparecerá detallada cas pertinentes observacións ambientais que cada un representa para o cauce do regato máis próximo.

Con estes datos, observamos que o total de distancia que discorre por dentro da zona de policía dos ríos será de **346 m.** incluíndo tamén os tramos onde se producen os cruzamentos estudados nos apartados superiores e desenvolvidos nos cálculos axuntos ó presente anexo.

Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)

SUBANEXO 5.1

CÁLCULOS HIDROLÓXICOS

ÍNDICE

1. PARÁMETROS DE CÁLCULO	3
1.1. DETERMINACIÓN DA PRECIPITACIÓN MÁXIMA DO INTERVALO.....	3
1.2. DESCRICIÓN DAS CONCAS VERTENTES MÁIS SALIENTABLES	4
2. TABOA DE DETALLE DA ZONA DE POLICÍA DOS CANLES	4
3. DETALLES DOS CÁLCULOS DO CAUDAL DE MÁXIMA AVENIDA	6
3.1. PERÍODO DE RETORNO: T=50 ANOS.....	6
3.2. PERÍODO DE RETORNO: T=100 ANOS.....	7
3.3. PERÍODO DE RETORNO: T=500 ANOS.....	9
3.4. CADRO DE CORES CON FÓRMULAS UTILIZADAS NOS CÁLCULOS DAS CONCAS.....	10
4. XUSTIFICACIÓN DAS SECCIÓNS HIDRÁULICAS DE DESAUGUE PROXECTADAS.....	11
4.1. CÁLCULO DAS SECCIÓNS DE DESAUGUE DOS MARCOS DE FORMIGÓN	11
4.2. XUSTIFICACIÓN DAS SECCIÓNS.....	12

1. PARÁMETROS DE CÁLCULO

1.1. Determinación da precipitación máxima do intervalo

Obtido a partir da publicación "*MÁXIMAS LLUVIAS DIARIAS EN LA ESPAÑA PENINSULAR*"
(D. X. de Estradas do Ministerio de Fomento, 1999).

Período de Retorno	Cv	Pm	Yt	Pd
50 anos	0.35	73	1.961	143.15
100 anos	0.35	73	2.220	162.06
500 anos	0.35	73	2.831	206.66

Onde:

Cv: Isoliña do valor rexional do Coeficiente de variación rexional. **(adimensional)**

P_m: Precipitación media. **(mm/día)**

Pd: Precipitación diaria correspondente ó período de retorno T (mm). **(mm/día)**

1.2. Descrición das concas vertentes máis salientables

Camiño	Nome	Superficie Conca	Superficie Conca	X (inicio)	Y (inicio)	Z (inicio)	X (fin)	Y (fin)	Z (fin)	Lonxitude Canle	Pendente Canle	Pendente Canle
C1	Conca:C1	3975541	3.976	518276.397	4649770.511	226.11	519015.964	4647855.065	33.62	2366.04	0.0814	8.14%
C2	Conca:C2	1626420	1.626	515986.069	4644821.038	221.67	517746.321	4644761.044	32.84	1977.05	0.0955	9.55%
C3	Conca:C3	4308451	4.308	516296.113	4645655.949	218.82	519207.972	4644576.946	12.33	3688.93	0.0560	5.60%
		m²	Km²	UTM ETRS89 Fuso 29 (m)						m		%

Ambas concas son menores de 0,5 km²; polo tanto usaranse tubos de formigón prefabricados.

2. TABOA DE DETALLE DA ZONA DE POLICÍA DOS CANLES

Nome	Lonx. Eixo	Nome Regato	Tipoloxía	Zona de Policía	Zona de Policía Inicio	Zona de Policía Fin	Cruza o curso da Auga	PK Desfavorable	Observacións
C1	57 m	Regato dos Bravos	Nova Apertura	57,00	0+000.00	0+057	SI	0+010,40	O cruzamento prodúcese de xeito perpendicular ó cauce, e servirá para unir o camiño existente ca outra marxe do rego, dando acceso desta maneira a catro parcelas que non o tiñan previamente (14,15,16 e 17). A cartografía de confederación nese punto tampouco é todo o precisa que debería, e parece que se producen dous cruzamentos. No levantamento de campo realizado o 30 de Setembro de 2022 observouse que soamente se produce o cruzamento nun punto e o camiño proxectado, construírase fóra da área de servidume do rego.
C2	63 m	Regato Cerradas	Mellora	63,00	0+000.00	0+063	SI	0+042,87	O camiño atópase na zona de policía do regato Cerradas, pero o cruzamento prodúcese nun pequeno afluente que se atopa ó sur deste. É importante salientar que aínda que se trata dun cauce pequeno e pouco profundo, posúe unha cunca de máis de 1,5km2, polo que si que se terá que colocar un marco de formigón no cruzamento.

Nome	Lonx. Eixo	Nome Regato	Tipoloxía	Zona de Policía	Zona de Policía Inicio	Zona de Policía Fin	Cruza o curso da Auga	PK Desfavorable	Observacións
C3	203 m	Regato Cerradas	0+000-0+100 – mellora 0+100-0+203 – nova apertura	203,00	0+000.00	0+203	NON	0+100,00	Se se utilizan os shapes da cartografía da Confederación Hidrográfica, este camiño non se atopa na zona de policía do regato das Cerradas, aínda que despois de realizar o levantamento de campo observamos como se atopa xusto ó lado do camiño C3, na ortofoto do PNOA tamén podemos observar que a traza da zona de policía non é correcta. Por outra parte, o regato na actualidade sálvase mediante dous tubos de 80 cm de diámetro. Na zona de servidume dese camiño non se vai a actuar, xa que actualmente o camiño ten uns 5 metros de ancho, polo que vai a cumprir a sección tipo do resto do camiño sen problema. No resto si que se vai a construír a sección tipo de forma normal. Finalmente, existe unha canle que discorre paralela ó regato e que desemboca nel, augas abaixo da zona de actuación. Actualmente o cruzamento entre a canle e o camiño sálvase mediante un tubo de formigón de 40cm de diámetro. Ese cruzamento vaise manter no mesmo estado que na actualidade.
C4	123 m		Nova Apertura						
Rampla	10 m		Mellora						
Viradoiro	23 m	Regato Cerradas	Nova Apertura	23,00	0+000.00	0+023	NON	0+023	A actuación concreta neste caso é a construción dun viradoiro que se sitúe fóra da zona de servidume do rego Cerradas. Realizouse unha medición do cauce do mesmo para que as distancias sexan suficientes. En xeral o movemento de terras que se vai a facer, para o ensanche do camiño xa construído, vaise a facer fóra desta servidume e cumprindo cas medidas de protección e seguridade correspondentes.
				346.660					
				m					

3. DETALLES DOS CÁLCULOS DO CAUDAL DE MÁXIMA AVENIDA

3.1. Período de retorno: T=50 anos

Caudal de máxima avenida (T=50) Conca: Conca C1					Intensidade Media					Factor de Intensidade Calculado					Tempo de Concentración			Coef *Área	Coeficientes de Escorrentía por cada Tipo de Solo					Limiar de Escorrentía, Coeficiente Corrector do Limiar de Escorrentía									
Qt	I(T,tc)	C	<u>A</u>	Kt	I(T,t)	Fint	Id	Pd	Ka	Fint	Fa			I1/Id	t	tc	<u>Lc</u>	<u>Jc</u>	C*A	C		<u>Pd</u>	<u>Ka</u>	Po	Poi	β	βm	Ft	Usos do Solo		Pte	Infiltr.	
19.55	47.59	0.682	<u>3.98</u>	1.061	47.6	8.311	5.726	143.2	0.96	8.311	8.311	1.018	0.993	8	0.93	0.93	<u>2.366</u>	<u>0.081</u>	1.394														
			<u>0.03</u>																0.022	0.656	9.468	<u>143.2</u>	<u>1</u>	15.12	14	1.08	0.9	1.2	Asentamiento agrícola y huerta			B	
			<u>1.69</u>																0.409	0.241	2.777	<u>143.2</u>	<u>0.985</u>	50.76	47	1.08	0.9	1.2	Bosque de coníferas			B	
			<u>0.10</u>																0.026	0.246	2.82	<u>143.2</u>	<u>1</u>	50.76	47	1.08	0.9	1.2	Bosque de frondosas			B	
			<u>0.02</u>																0.004	0.246	2.82	<u>143.2</u>	<u>1</u>	50.76	47	1.08	0.9	1.2	Bosque Mixto			B	
			<u>0.02</u>																0.016	0.993	132.5	<u>143.2</u>	<u>1</u>	1.08	1	1.08	0.9	1.2	Casco			B	
			<u>0.49</u>																0.172	0.351	3.899	<u>143.2</u>	<u>1</u>	36.72	34	1.08	0.9	1.2	Combinación de vegetación			B	
			<u>0.41</u>																0.144	0.351	3.899	<u>143.2</u>	<u>1</u>	36.72	34	1.08	0.9	1.2	Mato			B	
			<u>0.14</u>																0.134	0.976	66.27	<u>143.2</u>	<u>1</u>	2.16	2	1.08	0.9	1.2	Rochedo			B	
			<u>0.03</u>																0.033	0.976	66.27	<u>143.2</u>	<u>1</u>	2.16	2	1.08	0.9	1.2	Solo nú		>3	B	
			<u>1.04</u>																0.434	0.418	4.729	<u>143.2</u>	<u>0.999</u>	30.24	28	1.08	0.9	1.2	Viñedo		>3	B	

Caudal de máxima avenida (T=50) Conca: Conca C2					Intensidade Media					Factor de Intensidade Calculado					Tempo de Concentración			Coef *Área	Coeficientes de Escorrentía por cada Tipo de Solo					Limiar de Escorrentía, Coeficiente Corrector do Limiar de Escorrentía									
Qt	I(T,tc)	C	A	Kt	I(T,t)	Fint	Id	Pd	Ka	Fint	Fa			I1/Id	t	tc	Lc	Jc	C*A	C		Pd	Ka	Po	Poi	β	βm	Ft	Usos do Solo		Pte	Infiltr.	
8.00	53.29	0.599	1.63	1.050	53.3	9.061	5.881	143.2	0.986	9.061	9.061	1.06	0.976	8	0.787	0.787	1.977	0.096	0.515														
			0.53																0.129	0.246	2.82	143.2	1	50.76	47	1.08	0.9	1.2	Bosque de coníferas			B	
			0.05																0.012	0.246	2.82	143.2	1	50.76	47	1.08	0.9	1.2	Bosque de frondosas			B	
			0.40																0.099	0.246	2.82	143.2	1	50.76	47	1.08	0.9	1.2	Bosque Mixto			B	
			0.01																0.006	0.503	6.025	143.2	1	23.76	22	1.08	0.9	1.2	Combinación de cultivos		<3	B	
			0.01																0.005	0.458	5.302	143.2	1	27	25	1.08	0.9	1.2	Combinación de cultivos con vegetación		>3	B	
			0.30																0.106	0.351	3.899	143.2	1	36.72	34	1.08	0.9	1.2	Combinación de vegetación			B	
			0.06																0.023	0.351	3.899	143.2	1	36.72	34	1.08	0.9	1.2	Mato			B	
			0.01																0.007	0.993	132.5	143.2	1	1.08	1	1.08	0.9	1.2	Rede viaria ou ferroviaria			B	
			0.04																0.038	0.976	66.27	143.2	1	2.16	2	1.08	0.9	1.2	Solo nú		>3	B	
			0.22																0.09	0.418	4.734	143.2	1	30.24	28	1.08	0.9	1.2	Viñedo		>3	B	

Caudal de máxima avenida (T=50) Conca: Conca C3					Intensidade Media					Factor de Intensidade Calculado				Tempo de Concentración			Coef *Área	Coeficientes de Escorrentía por cada Tipo de Solo					Limiar de Escorrentía, Coeficiente Corrector do Limiar de Escorrentía									
Qt	I(T,tc)	C	A	Kt	I(T,t)	Fint	Id	Pd	Ka	Fint	Fa			I1/Id	t	tc	Lc	Jc	C*A	C	Pd	Ka	Po	Poi	β	βm	Ft	Usos do Solo		Pte	Infiltr.	
19.08	38.19	1.176	4.31	1.098	38.2	6.685	5.712	143.2	0.958	6.685	6.685	0.914	1.034	8	1.399	1.399	3.689	0.056	1.638													
			0.47																0.312	0.656	9.468	143.2	1	15.12	14	1.08	0.9	1.2	Asentamiento agrícola y huerta			B
			0.67																0.165	0.246	2.82	143.2	1	50.76	47	1.08	0.9	1.2	Bosque de coníferas			B
			0.70																0.171	0.246	2.82	143.2	1	50.76	47	1.08	0.9	1.2	Bosque de frondosas			B
			1.10																0.27	0.245	2.812	143.2	0.997	50.76	47	1.08	0.9	1.2	Bosque Mixto			B
			0.07																0.07	0.993	132.5	143.2	1	1.08	1	1.08	0.9	1.2	Casco			B
			0.04																0.018	0.503	6.025	143.2	1	23.76	22	1.08	0.9	1.2	Combinación de cultivos		<3	B
			0.24																0.111	0.458	5.302	143.2	1	27	25	1.08	0.9	1.2	Combinación de cultivos con vegetación		>3	B
			0.30																0.107	0.351	3.899	143.2	1	36.72	34	1.08	0.9	1.2	Combinación de vegetación			B
			0.01																0.004	0.458	5.302	143.2	1	27	25	1.08	0.9	1.2	Cultivo herbáceo		<3	B
			0.03																0.024	0.926	33.14	143.2	1	4.32	4	1.08	0.9	1.2	Industrial		<3	B
			0.06																0.038	0.656	9.468	143.2	1	15.12	14	1.08	0.9	1.2	Invernadero		>3	B
			0.16																0.055	0.351	3.899	143.2	1	36.72	34	1.08	0.9	1.2	Mato			B
			0.06																0.056	0.993	132.5	143.2	1	1.08	1	1.08	0.9	1.2	Rede viaria ou ferroviaria			B
			0.02																0.018	0.926	33.14	143.2	1	4.32	4	1.08	0.9	1.2	Servicio dotacional			B
			0.10																0.1	0.976	66.27	143.2	1	2.16	2	1.08	0.9	1.2	Solo nú		>3	B
			0.29																0.122	0.418	4.734	143.2	1	30.24	28	1.08	0.9	1.2	Viñedo		>3	B

3.2. Período de retorno: T=100 anos

Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de SIETE EUROS con SETENTA Y NUEVE CÉNTIMOS

06.02	m³	Xestión en centro autorizado de residuos de plástico Xestión controlada en centro de selección e transferencia, de residuos de plástico non perigosos (non especiais), procedentes de construción ou demolición, con código 170203 segundo o Catalogo Europeo de Residuos (ORDEN MAM/304/2002)			
RCD2	1,0000 m³	Canon de vertido de residuos de plástico	5,53	5,53	
%2	2,0000	Medios auxiliares	5,53	0,11	

TOTAL PARTIDA..... 5,64

Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de CINCO EUROS con SESENTA Y CUATRO CÉNTIMOS

06.03	m³	Xestión en centro autorizado de residuos de madeira Xestión controlada en centro de selección e transferencia, de residuos de madeira non perigosos (non especiais), procedentes de construción ou demolición, con código 170201 segundo o Catalogo Europeo de Residuos (ORDEN MAM/304/2002)			
RCD3	1,0000 m³	Canon de vertido de residuos de madeira	5,95	5,95	
%2	2,0000	Medios auxiliares	5,95	0,12	

TOTAL PARTIDA..... 6,07

Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de SEIS EUROS con SIETE CÉNTIMOS

06.04	m³	Xestión en centro autorizado de residuos misturados construción Xestión controlada en vertedoiro autorizado, de residuos misturados non perigosos (non especiais), procedentes de construción ou demolición, con código 170904 segundo o Catalogo Europeo de Residuos (ORDEN MAM/304/2002).			
RCD4	1,0000 m³	Canon de vertido de residuos misturados da construción	17,16	17,16	
%2	2,0000	Medios auxiliares	17,16	0,34	

TOTAL PARTIDA..... 17,50

Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de DIECISIETE EUROS con CINCUENTA CÉNTIMOS

06.05	mes	Aluguer mensual de contedor Alquiler de contenedor para residuos de la construcción y demolición (RCD) de 6 m³ de capacidad.			
G01002	1,0000 mes	Alquiler contenedor RCD 6 m³	65,00	65,00	
%3	3,0000	Medios Auxiliares	65,00	1,95	

TOTAL PARTIDA..... 66,95

Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de SESENTA Y SEIS EUROS con NOVENTA Y CINCO CÉNTIMOS

06.06	ud	Servicio de entrega e recollida de contedor de escombros 20 km Cambio/entrega contenedor 20 km.			
G01005	1,0000 ud	Cambio/entrega contenedor 20 km	48,31	48,31	

TOTAL PARTIDA..... 48,31

Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de CUARENTA Y OCHO EUROS con TREINTA Y UN CÉNTIMOS

CAPÍTULO 06 SEGURIDADE E SAÚDE

SUBCAPÍTULO 07.01 PROTECCIÓN PERSOAIS

APARTADO 09.01.01 Protección colectivas

SEPC.07	m	Banda sinalización bicolor plástico 8 Banda de sinalización de plástico de 8 cm de ancho suministrada en rolos de 250 metros, colocada.			
MPPC.07	1,0000 m	Banda sin bicolor plástico 8cm	0,07	0,07	
O01009	0,0360 h	Peón	19,77	0,71	
%1	1,0000	Medios auxiliares	0,78	0,01	

TOTAL PARTIDA..... 0,79

Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de CERO EUROS con SETENTA Y NUEVE CÉNTIMOS

CADRO DE DESCOMPOSTOS

CÓDIGO	CANTIDADE UD	RESUMO	PREZO	SUBTOTAL	IMPORTE
SEPC.08	ud	Cartel indicativo plástico 45x30			
		Cartel de plástico serigrafiado de dimensións 45x30 cm, en varios motivos, colocado con puntas.			
MPPC.08	1,0000 ud	Cartel indicativo plástico 45x30	13,41	13,41	
O01009	0,0300 h	Peón	19,77	0,59	
%2	2,0000	Medios auxiliares	14,00	0,28	

TOTAL PARTIDA..... 14,28

Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de CATORCE EUROS con VEINTIOCHO CÉNTIMOS

SEPC.09	ud	Cono sinalización vial 50 refl amtz 5			
		Cono de PVC para sinalización vial de 50 cm de altura, en cor vermella con franxa reflectante, considerando 5, colocado.			
MPPC.9	0,2000 ud	Cono sin vial 50cm refl	14,74	2,95	
O01009	0,0302 h	Peón	19,77	0,60	
%1	1,0000	Medios auxiliares	3,55	0,04	

TOTAL PARTIDA..... 3,59

Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de TRES EUROS con CINCUENTA Y NUEVE CÉNTIMOS

SEPC.10	ud	Panel reflectante zona excluída ó tráfico 80x20cm 5 usos			
		Panel zona excluída ó tráfico de chapa de aceiro galvanizada prelacada con bandas vermellas e brancas de 80x20 cm de dimensións, 1,8 mm de grosor e bordo de rixidez, con láminas adhesivas reflectantes, considerando 5 usos, colocado.			
MPPC.10	0,2000 ud	Panel reflectante zona excluída obras 80x20cm	39,30	7,86	
O01009	0,0300 h	Peón	19,77	0,59	
%2	2,0000	Medios auxiliares	8,45	0,17	

TOTAL PARTIDA..... 8,62

Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de OCHO EUROS con SESENTA Y DOS CÉNTIMOS

SEPC.11	ud	Sinal reflectante triangular de perigo 70mm sobre cabaleta 5usos			
		Sinal de tráfico triangular de perigo en chapa de aceiro galvanizada prelacada de 70 cm de lado, 1,8 mm de grosor e bordo de rixidez, con láminas adhesivas reflectantes, colocada sobre cabaleta, considerando 5 usos.			
MPPC.11	0,2000 ud	Sinal refl tri perigo 70cm	54,96	10,99	
MPPC.12	0,2000 ud	Cabaleta sinais 70-90-ø60cm	25,06	5,01	
O01009	0,0300 h	Peón	19,77	0,59	
%2	2,0000	Medios auxiliares	16,59	0,33	

TOTAL PARTIDA..... 16,92

Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de DIECISEIS EUROS con NOVENTA Y DOS CÉNTIMOS

APARTADO 09.01.02 Protecciónns individuais

SEPIO.01	ud	Botas de seguridade Categoría S2			
		Botas de seguridade en pel (Clase I); pel grabada, non de serraxe; punteira 200 J (SB); antiestática (A); protección do talón contra choques (E); suela antideslizante con resaltes; resistente á penetración e absorción da agua (WRU).			
MPO.01	1,0000 ud	Botas de seguridade Categoría S2	66,78	66,78	

TOTAL PARTIDA..... 66,78

Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de SESENTA Y SEIS EUROS con SETENTA Y OCHO CÉNTIMOS

SEPIO.02	ud	Roupa de traballo, chaqueta e pantalón 100% algodón			
		Roupa de traballo: chaquetaa e pantalón, 100 % algodón, chaqueta con cremallera de aluminio ou botóns. Gramaxe mínimo 2802 gr/m2.			
MPO.02	1,0000 ud	Roupa de traballo, chaqueta e pantalón 100% algodón.	21,54	21,54	

TOTAL PARTIDA..... 21,54

Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de VEINTIUN EUROS con CINCUENTA Y CUATRO CÉNTIMOS

SEPIO.03	ud	Casco seguridade obra			
		Casco de seguridade de plástico resistente ó impacto mecánico, con equipo adaptable (homologación núm. 12 clase N e EAT).			
MSPC.1a	1,0000 ud	Casco seguridade	2,63	2,63	

TOTAL PARTIDA..... 2,63

Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de DOS EUROS con SESENTA Y TRES CÉNTIMOS

SEPIO.04	Ud	Peto reflectante 3 usos			
		Peto de plástico provisto de 4 tiras de material reflectante, para traballos de sinalización.			
MSPR.5a	0,3330 Ud	Peto reflectante	16,79	5,59	

TOTAL PARTIDA..... 5,59

Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de CINCO EUROS con CINCUENTA Y NUEVE CÉNTIMOS

SEPIO.05	ud	Chaqueta impl c/capucha			
		Chaqueta impermeable con peche por broches a presión, con capucha incorporada e manga ranglan.			
MSPR.1a	1,0000 ud	Chaqueta impermeable c/carapucha	12,97	12,97	

TOTAL PARTIDA..... 12,97

Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de DOCE EUROS con NOVENTA Y SIETE CÉNTIMOS

CÓDIGO	CANTIDADE	UD	RESUMO	PREZO	SUBTOTAL	IMPORTE
SEPIO.06		Ud	Pantalón impermeable			
			Pantalón impermeable con cintura elástica.			
MSPR.2a	1,0000	Ud	Pantalón impermeable	13,58	13,58	
TOTAL PARTIDA.....						13,58
Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de TRECE EUROS con CINCUENTA Y OCHO CÉNTIMOS						
SEPIO.07		Ud	Lentes anti impactos e salpicaduras, de propionato			
			Gafas de visores de policarbonato antiabrasión con montura de dobre ponte e laterais transparentes de propionato de cellidor ininflamable, patillas de alma metálica, para protección fronte a impactos e salpicaduras.			
MSPA.1c	1,0000	ud	Lentes anti impactos e salpicaduras, de propionato	3,74	3,74	
TOTAL PARTIDA.....						3,74
Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de TRES EUROS con SETENTA Y CUATRO CÉNTIMOS						
SEPIO.08		ud	Cinto seguridade reforzado			
			Cinto de seguridade con suxección por fibela simple e sistema de amarre de nailon con reforzo de coiro e dous mosquetóns de seguridade con virola e rosca.			
MSPT.2a	1,0000	ud	Cinturón seguridade reforzado	110,11	110,11	
TOTAL PARTIDA.....						110,11
Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de CIENTO DIEZ EUROS con ONCE CÉNTIMOS						
SEPIO.09		ud	Protector auditivo con acolchado			
			Protector auditivo con Arnés de fibra de vidro e nailon, con almofada de PVC, cazoleta de ABS de forma oval con almofada de PVC espumoso.			
MSPA.4a	1,0000	ud	Protector auditivo c/almofada	17,97	17,97	
TOTAL PARTIDA.....						17,97
Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de DIECISIETE EUROS con NOVENTA Y SIETE CÉNTIMOS						
SEPIO.11		Ud	Par botas impl 30cm ng			
			Par de botas impermeables á auga e humidade de 30 cm de alto con sola antiesvarante e forro de nailon, de color negra, incompatibles con graxas ou aceites.			
MSPE10aa	1,0000	Ud	Par botas impl 30cm ng	5,88	5,88	
TOTAL PARTIDA.....						5,88
Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de CINCO EUROS con OCHENTA Y OCHO CÉNTIMOS						
SEPIO.12		Ud	Par luvas coiro/téxtil super			
			Par de luvas de tecido algodón en espiga de color azul con palma, cotenos e uñeros de serraxe, 5 dedos, impermeable, de adherencia mellorada para superficies pulimentadas, con forrado interior e elástico de axuste no pulso, contra riscos mecánicos, considerando 2 usos.			
MSPE.4b	0,5000	Ud	Par luvas coiro/téxtil super	2,63	1,32	
TOTAL PARTIDA.....						1,32
Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de UN EURO con TREINTA Y DOS CÉNTIMOS						
SUBCAPÍTULO 07.02 EQUIPAMENTO						
SEE.01		mes	Alugamento mensual caseta obra 6 m2 c/aillamento			
			Alugamento mensual de caseta de obra de 3.25x1.90x2.30 m e superficie aproximada 6 m2, con aillamento, realizada con estrutura, cerramento e cuberta en arco (con aillamento de manta de fibra de vidro de 60 mm de grosor) de chapa de aceiro galvanizado, con acabado interior de taboleiro aglomerado de madeira lacado en color branca e instalación eléctrica monofásica con toma de terra, i/pp de montaxe e desmontaxe.			
MSHC.1ba	0,4000	mes	Alugamento de caseta obra 6 m2 c/illa	187,11	74,84	
O01005	0,4000	h	Oficial de oficios	20,28	8,11	
O01009	0,4000	h	Peón	19,77	7,91	
%3	3,0000		Medios Auxiliares	90,86	2,73	
TOTAL PARTIDA.....						93,59
Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de NOVENTA Y TRES EUROS con CINCUENTA Y NUEVE CÉNTIMOS						
SEE.03		mes	Alugamento mensual caseta sanitaria 6 m2 c/ailla e quent el			
			Alugamento mensual de caseta sanitaria de obra de 3.25x1.90x2.30 m e superficie aproximada 6 m2, con aillamento, con quentador eléctrico de 50 litros, realizada con estructura, cerramento e cuberta en arco (con aillamento de manta de fibra de vidro de 60 mm de grosor) de chapa de aceiro galvanizado pintado ó fomo color marrón, con acabado interior de taboleiro aglomerado de madeira lacado en color branca, instalación de auga fría e quente con entubados de polibutileno resistente ás incrustacións para unha placa turca e un lavabo colectivo (4 módulos) de fibra de vidro de color branca antiesvarante, instalación eléctrica monofásica con toma de terra, pavimento de contrachapado fenólico antiesvarante e resistente ó desgaste de color marrón, ventá corre道ira con reixa de aluminio anodizado de 0.84x0.70 m, portas interiores de madeira nos compartimentos de placas turcas e cortinas nas duchas, i/pp de montaxe e desmontaxe.			
MSHC.2bab	0,4000	mes	Alugamento mensual de caseta san 6 m2 c/illa c/quen el	232,04	92,82	
O01005	0,6000	h	Oficial de oficios	20,28	12,17	
O01009	0,6000	h	Peón	19,77	11,86	
%3	3,0000		Medios Auxiliares	116,85	3,51	
TOTAL PARTIDA.....						120,36
Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de CIENTO VEINTE EUROS con TREINTA Y SEIS CÉNTIMOS						

CADRO DE DESCOMPOSTOS

CÓDIGO	CANTIDADE UD	RESUMO	PREZO	SUBTOTAL	IMPORTE
SEE.06	ud	Caixa de urxencias			
		Caixa de urxencias con equipamento mínimo obligatorio, colocada.			
MSME.4a	1,0000 ud	Caixa de urxencias	65,34	65,34	
TOTAL PARTIDA.....					65,34
Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de SESENTA Y CINCO EUROS con TREINTA Y CUATRO CÉNTIMOS					
SEE.07	ud	Taquilla metálica individual			
		Taquilla metálica, para uso individual con chave, colocada.			
MSE.010	0,5000 ud	Taquilla metálica, para uso individual con chave	140,01	70,01	
O01009	0,1000 h	Peón	19,77	1,98	
%1	1,0000	Medios auxiliares	71,99	0,72	
TOTAL PARTIDA.....					72,71
Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de SETENTA Y DOS EUROS con SETENTA Y UN CÉNTIMOS					
SEE.08	ud	Banco de madeira para 5 persoas			
		Banco de madeira para comedor de obra, con capacidade para 5 personas, colocado.			
MSHM.14a	1,0000 ud	Banco de madeira para 5 persoas.	100,00	100,00	
O01009	0,3000 h	Peón	19,77	5,93	
%3	3,0000	Medios Auxiliares	105,93	3,18	
TOTAL PARTIDA.....					109,11
Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de CIENTO NUEVE EUROS con ONCE CÉNTIMOS					
SEE.10	ud	Reposición de caixa de urxencias			
		Reposición do material da caixa de urxencias.			
MSME.5a	1,0000 ud	Reposición de caixa de urxencia.	60,30	60,30	
%3	3,0000	Medios Auxiliares	60,30	1,81	
TOTAL PARTIDA.....					62,11
Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de SESENTA Y DOS EUROS con ONCE CÉNTIMOS					
SEE.11	ud	Percha para aseos e duchas			
		Percha de 18x10 cm en cor branca, con parafusos de fixación cromo, para aseos e duchas, colocada.			
MSHM.2a	1,0000 ud	Percha para aseos e duchas.	10,97	10,97	
O01009	0,3000 h	Peón	19,77	5,93	
%3	3,0000	Medios Auxiliares	16,90	0,51	
TOTAL PARTIDA.....					17,41
Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de DIECISIETE EUROS con CUARENTA Y UN CÉNTIMOS					
SEE.12	ud	Dispensador de papel hixiénico			
		Dispensador de papel hixiénico de 250/300 m, metálico acabado epoxi branco, mecanismo de peche, colocado.			
MSHM.3a	1,0000 ud	Dispensador de papel hixiénico.	34,16	34,16	
O01009	0,3000 h	Peón	19,77	5,93	
%3	3,0000	Medios Auxiliares	40,09	1,20	
TOTAL PARTIDA.....					41,29
Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de CUARENTA Y UN EUROS con VEINTINUEVE CÉNTIMOS					
SEE.13	ud	Toalleiro anel			
		Toallero anel grande cromo de 18x10 cm e diámetro 23 cm para aparafusar, colocado.			
MSHM.6a	1,0000 ud	Toalleiro anel.	42,04	42,04	
O01009	0,3000 h	Peón	19,77	5,93	
%3	3,0000	Medios Auxiliares	47,97	1,44	
TOTAL PARTIDA.....					49,41
Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de CUARENTA Y NUEVE EUROS con CUARENTA Y UN CÉNTIMOS					

Proxecto de Obras Complementarias
na Zona de Concentración Parcelaria
de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño,
Pontevedra)

ANEXO 8

XESTIÓN DE RESIDUOS

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. ESTUDO DE XESTIÓN DE RESIDUOS SEGUNDO O REAL DECRETO 105/2008	4
3. CARACTERÍSTICAS DA OBRA.....	4
4.1. IDENTIFICACIÓN	4
4. IDENTIFICACIÓN DOS RESIDUOS A XERAR NA OBRA	5
5. MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DE RESIDUOS EN OBRA.....	6
6.1. POLÍTICA DE COMPRA	6
6.2. ALMACENAMIENTO.....	6
6.3. ACTIVIDADES	6
6. OPERACIÓNS DE REUTILIZACIÓN, VALORIZACIÓN OU ELIMINACIÓN A QUE SE DESTINARÁN OS RESIDUOS XERADOS NA OBRA	8
7. MEDIDAS PARA A SEPARACIÓN DOS RESIDUOS NA OBRA	9
8. INSTALACIÓNS PREVISTAS	9
9. PRESCRICIÓNS DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES DO PROXECTO	10
10.1. PARA O PRODUTOR DE RESIDUOS	10
10.2. PARA O POSUIDOR DE RESIDUOS EN OBRA	10
10.3. XESTIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓ N DENTRO DA OBRA	10
10.4. SEPARACIÓ N DE RESIDUOS EN OBRA.....	11
10.5. ALMACENAXE DE RESIDUOS EN OBRA.....	11
10.6. CARGA E TRANSPORTE DE RESIDUOS	12
10.7. RETIRADA DE RESIDUOS DA OBRA.....	12
10.8. DESTINO FINAL DOS RESIDUOS.....	12
10. VALORACIÓ N DO TRANSPORTE E XESTIÓ N DOS RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓ N DA OBRA.....	13

1. INTRODUCCIÓN

En cumprimento da “Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia” e do Real Decreto 105/2008 de xestión de residuos de construción e demolición, faise necesaria a redacción do presente anexo co fin de cuantificar e caracterizar os residuos que se producirán como consecuencia da execución das obras previstas no mesmo.

2. ESTUDO DE XESTIÓN DE RESIDUOS SEGUNDO O REAL DECRETO 105/2008

O RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, establece no seu artigo 4 a obrigação do produtor de RCD, entendido como a persoa física ou xurídica titular da licenza urbanística nunha obra de construción ou demolición, de incluír no proxecto de execución da obra un estudo de xestión de residuos de construción e demolición co seguinte contido:

1. Estimación da cantidade, expresada en toneladas e en metros cúbicos, dos RCD que se xerarán na obra, codificados con arranxo á lista europea de residuos publicada por Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos, ou norma que a substitúa.
2. As medidas para a prevención de residuos na obra obxecto do proxecto.
3. As operacións de reutilización, valorización ou eliminación a que se destinarán os residuos que se xerarán na obra.
4. As medidas para a separación dos residuos en obra, en particular, para o cumprimento por parte do posuidor dos residuos, da obrigação establecida no apartado 5 do artigo 5.
5. As instalacións previstas para o almacenamento, manexo, separación e, no seu caso, outras operacións de xestión dos residuos de construción e demolición dentro da obra. Posteriormente, poderán ser obxecto de adaptación ás características particulares da obra e os seus sistemas de execución, previo acordo da dirección facultativa da obra.
6. As prescricións do prego de prescricións técnicas particulares do proxecto, en relación co almacenamento, manexo, separación e, no seu caso, outras operacións de xestión dos residuos de construción e demolición dentro da obra.
7. Unha valoración do custo previsto da xestión dos residuos de construción e demolición que formará parte do orzamento do proxecto en capítulo independente.

Así, e de acordo co anterior, preséntase o Estudo de Xestión de residuos de construción e demolición en relación cas obras do proxecto “Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)”.

3. CARACTERÍSTICAS DA OBRA

4.1. IDENTIFICACIÓN

- Produtor dos residuos

Segundo o artigo 2 “Definicións” do R.D. 105/2008, pódense presentar tres casos:

A persoa física ou xurídica da licenza urbanística nunha obra de construción ou demolición; naquelas obras que non necesiten a licenza urbanística, terá a consideración de produtos do residuo a persoa física ou xurídica titular do ben inmovible obxecto dunha obra de construción ou demolición.

A persoa física ou xurídica que efectúe operacións de tratamento, de mestura ou doutro tipo, que ocasionen un cambio de natureza ou de composición dos residuos.

O importador ou adquirinte en calquera Estado membro da Unión Europea de residuos de construción e demolición. No presente estudo, identifícase como produtor dos residuos a Deputación de Pontevedra.

- Posuidor dos residuos

Na presente fase do proxecto non se determinou o axente que actuará como posuidor dos residuos, sendo responsabilidade do Produtor (promotor) a súa designación antes do comezo das obras.

- Xestor dos residuos

A persoa física ou xurídica, ou entidade pública ou privada que faga calquera das operacións que compoñen a recollida, almacenamento, transporte, valorización e eliminación dos residuos incluída a vixilancia destas operacións e a dos vertedoiros, así como a súa restauración ou xestión ambiental dos residuos, con independencia de ostentar a condición de produtor dos mesmos. Este será designado polo Produtor dos residuos (Promotor) con anterioridade ao comezo das obras.

4. IDENTIFICACIÓN DOS RESIDUOS A XERAR NA OBRA

Móstranse a continuación as cantidades, expresadas en toneladas e metros cúbicos, de residuos que se estima xerar na obra obxecto do proxecto, codificados con arranxo á Lista Europea de Residuos publicada por Orde MAM/304/2002 do 8 de febreiro.

TIPO	CANTIDADE
Xestión en centro autorizado de residuos de formigón	5 m ³
Xestión en centro autorizado de residuos de plástico	5 m ³
Xestión en centro autorizado de residuos de madeira	2 m ³
Xestión en centro autorizado de residuos misturados construción	6 m ³
Aluguer mensual de contedor	3 meses
Servicio de entrega e recollida de contedor de escombros 20 km	3 uds.

Segundo o artigo 3ª do Decreto 174/2005, as terras e rochas non contaminadas excedentes das escavadas, non son residuo e, en consecuencia, tampouco son RCD. Por tanto, poden ser reutilizadas polo Contratista na mesma obra ou noutras obras ou lugares nos que se poidan necesitar, mediante acordo con particulares.

5. MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DE RESIDUOS EN OBRA

Enténdese por minimización a adopción de medidas organizativas e operativas que permitan diminuír a cantidade e perigo dos subprodutos e contaminantes xerados. O punto de partida reside en introducir políticas de prevención en orixe.

Neste capítulo descríbense as medidas de prevención potenciais a implantar, co obxecto de reducir a cantidade de residuos antes da súa xeración.

6.1. POLÍTICA DE COMPRA

Realizarase unha adecuada política de compras axustada ás necesidades da obra, e tomando certas precaucións que poden reducir a xeración de residuos:

- Axustarase a compra de materias primas, evitando a xeración de excedentes que poidan converterse en residuos.
- Planificarase a chegada de material segundo as necesidades de execución da obra, para evitar almacenamentos prolongados que posibiliten o deterioro dos materiais.
- Estableceranse acordos cos provedores para a retirada dos excedentes que se poidan producir ou trasladar a unha obra similar.
- Adquiriranse produtos a granel en lugar de envasados ou en envases retornables ao seu provedor.
- Evitarase a adquisición de produtos sobreembalados.
- Utilizaranse produtos con bo rendemento para minimizar envases.

6.2. ALMACENAMENTO

Manteranse unhas adecuadas condicións de almacenamento, tanto de materias primas como de residuos:

- Conservaranse os materiais nas súas embalaxes orixinais ata o momento da súa utilización para evitar o seu deterioro e así posibilitar o seu traslado a outra obra en caso de non ser finalmente necesarios.
- Manteranse en correctas condicións os materiais en uso, para evitar o seu deterioro.
- Almacenaranse correctamente os produtos líquidos para evitar a súa evaporación, derrame ou deterioro debido á perda de propiedades.
- Delimitarase unha zona ordenada para depositar recortes, fragmentos, taboleiros de encofrados ou outros materiais susceptibles de ser reutilizados.
- Almacenaranse e clasificaranse os residuos nos seus contedores adecuados, mantendo claramente separadas as diferentes fraccións segregadas.
- Clasificaranse os residuos voluminosos por tamaños para reducir o volume dos mesmos e facilitar o seu posterior tratamento.
- Establecerase unha zona específica para o almacenamento de residuos perigosos, para mantelos completamente separados do resto de residuos.

6.3. ACTIVIDADES

Observaranse unha serie de normas xerais de prevención aplicables en gran parte das actividades que levan a cabo nunha obra de construción:

- Reutilizaranse os pallets de madeira sempre que sexa posible.
- Transportaranse os materiais con precaución na obra mediante sistemas adecuados, para evitar roturas de materiais.
- Seleccionarase o despezamento e o corte de maior rendemento.
- Utilizaranse ferramentas de corte adecuadas co fin de minimizar a rotura de pezas.
- Realizaranse os traballos de corte con precisión para favorecer o uso de ambas partes da peza.
- Empregaranse ferramentas e útiles duradeiros e facilmente reparables.
- Incorporaranse sistemas de emisión que reduzan a emisión de po, serraduras, labras ou fibras.
- Usaranse lixadoras e cortadoras con sistemas de captación de po.
- Gardaranse os recortes de pezas en bo estado, co obxecto de reutilizalos, sempre que sexa posible.
- Reutilizaranse os materiais de protección: lonas, cartóns, etc.
- Reutilizaranse as estadas en bo estado.
- Utilizaranse os produtos químicos seguindo a dosificación recomendada polo fabricante, ademais de buscar os produtos máis respectuosos co medio. Evitarase na medida do posible tratamentos con produtos perigosos.
- Evitarase o uso de calquera produto que conteña amianto.

A continuación avalíanse en detalle algunhas actividades que contarían con medidas de aplicación específica.

6.3.1. DEMOLICIÓNS

Como resultado dos traballos de demolición de pavimentos, haberá que xestionar materiais bituminosos, pavimentos de formigón ou derivados procedentes das beirarrúas existentes. Con todo, para prever os residuos en obra a demolición:

- A demolición levarase a cabo con corte por disco e demolerase o estritamente necesario para a correcta execución da obra, nos límites exteriores, e interiores da mesma, así como nas unións entre calzadas e beirarrúas para evitar a mestura dos residuos indicados.
- Os residuos de demolición deberán estar debidamente separados doutros materiais antes do seu transporte ao xestor autorizado.
- As provisións destes residuos estarán debidamente acondicionados para evitar posibles contaminacións

6.3.2. MOVEMENTOS DE TERRAS

A consecuencia dos traballos de escavación e movemento de terras será necesario xestionar restos vexetais, terra e materiais pétreos, ademais de xerarse como residuo restos plásticos ou de madeira.

- A escavación axustarase ás dimensións específicas de proxecto, atendendo ás cotas dos planos ata a profundidade indicada nos mesmos.
- Realizarase unha planificación previa ás escavacións e movemento de terras para minimizar a cantidade de sobrantes por escavación e posibilitar a reutilización da terra na propia obra.
- Destinarase unha zona determinada para o movemento de maquinaria e almacenamento das terras para evitar unha compactación excesiva do terreo.
- Protexeranse adecuadamente as árbores que poidan verse danadas polos movementos da maquinaria.

- Verificarase que a maquinaria da escavación avanza á velocidade apropiada para evitar que se deteriore as puntas de culler e o terreo.
- En caso de efectuar o mantemento da maquinaria, centralizárase este servizo para optimizar os produtos sobrantes duns vehículos a outros.
- Impermeabilizárase a superficie na que se realice o mantemento para impedir a contaminación do chan.

6.3.3. ESTRUTURAS E DRENAXE DE FORMIGÓN

Á hora de realizar as estruturas en formigón, prevese a xeración de residuos de formigón fresco ou endurecido, restos de madeira ou metálicos.

- Programar correctamente a chegada de camiós de formigón para evitar o principio de fraguado e, polo tanto, a necesidade de devolvelo á planta, o que afecta directamente a creación de residuos.
- Aproveitaranse os restos de formigón fresco sempre que sexa posible, utilizándoos de novo previo tratamento con retardador de fraguado.
- Reutilizaranse os elementos de madeira o maior número de veces posible, respectando sempre as exixencias de calidade.
- Determinarase un área de corte para evitar o espallamento de residuos e aproveitar os fragmentos.

6.3.4. ENCOFRADO – DESENCOFRADO

Durante os traballos de encofrado e desencofrado orixinaranse principalmente residuos de formigón, restos metálicos ou de madeira.

- Almacenaranse ordenadamente os taboleiros dos encofrados para unha posterior reutilización, respectando sempre as exixencias de calidade.
- Limparanse correctamente os elementos de encofrado e os medios auxiliares despois do seu uso.
- Todos os elementos de madeira reformularanse co fin de optimizar a solución, minimizar o seu consumo e xerar un menor volume de residuos.

6. OPERACIÓNS DE REUTILIZACIÓN, VALORIZACIÓN OU ELIMINACIÓN A QUE SE DESTINARÁN OS RESIDUOS XERADOS NA OBRA

As empresas de xestión e tratamento de residuos estarán en todo caso autorizadas pola Xunta de Galicia para a xestión de RCD.

A continuación móstranse algúns dos xestores de residuos que contan coa categoría para o tratamento e transporte dos residuos xerados polas obras nas proximidades da zona de execución do proxecto segundo os datos ofrecidos polo SIRGA (Sistema de Información de Residuos de Galicia) son os seguintes:

ALQUILER MYC NORTE SUR SL			B36765709
TLF 986841677	Fax 986864902	Correo alquilermyc@yahoo.es	NIMA 3600008181
Rúa PG. INDUSTRIAL O CAMPIÑO, B-50 - MARCÓN			
CP 36158	Concello PONTEVEDRA		Provincia PONTEVEDRA
Actividade XESTOR-VALORIZACIÓN	Inscripción CG-I-NP-XV-00380		Inscripción eSIR 12G04360000818101
Actividade D/R R5 - Reciclado ou recuperación doutras materias inorgánicas			
Actividade de Xestión			

7. MEDIDAS PARA A SEPARACIÓN DOS RESIDUOS NA OBRA

En base ao apartado 5 do artigo 5 do RD 105/2008, os residuos de construción e demolición deberán separase nas seguintes fraccións, cando, de forma individualizada para cada unha das devanditas fraccións, a cantidade prevista de xeración para o total da obra supere as seguintes cantidades:

- Formigón: 80 t
- Ladrillos, tellas, cerámicos: 40 t
- Metais: 2 t
- Madeira: 1 t
- Vidro: 1 t
- Plásticos: 0,5 t
- Papel e cartón: 0,5 t

No caso de que algún dos anteriores residuos supere as cantidades establecidas na anterior táboa, será necesaria unha separación dos mesmos.

8. INSTALACIÓNS PREVISTAS

O posuidor dos residuos deberá atopar na obra un lugar apropiado no que almacenar os residuos.

Se para iso dispón dun espazo amplo cun acceso fácil para máquinas e vehículos, conseguirá que a recollida sexa máis sinxela. Se, pola contra, non se acondiciona esa zona, haberá que mover os residuos dun lado a outro ata depositalos no camiión que os recolla.

Ademais, é perigoso ter acumulacións de residuos dispersos por toda a obra, porque poden ser causa de accidentes. Así pois, deberá asegurarse unha adecuada almacenaxe evitando movementos innecesarios, que entorpezan a marcha da obra e non faciliten a xestión eficaz dos residuos.

É importante que os residuos se almacenen xusto despois de que se xeren para que non se ensucien e se mesturen con outros sobrantes; deste xeito facilitamos a súa posterior reciclaxe.

Así mesmo hai que prever un número suficiente de contedores, en especial cando a obra xera residuos constantemente, e anticiparse antes de que non haxa onde depositalos.

9. PRESCRICIÓNS DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES DO PROXECTO

10.1. PARA O PRODUTOR DE RESIDUOS

Incluír no Proxecto de Execución da obra en cuestión, un “estudo de xestión de residuos”, o cal contará como mínimo con:

- a. Estimación dos residuos que se van a xerar.
- b. As medidas para a prevención de estes residuos.
- c. Operacións encamiñadas á reutilización e separación de estes residuos.
- d. Planos de instalacións previstas para almacenaxe, manexo, separación, etc.
- e. Prego de condicións.
- f. Valoración do custo previsto de xestión de residuos.

En obras de demolición, rehabilitación, reparación ou reforma, deberá facerse un inventario dos residuos perigosos, así como a súa retirada selectiva co fin de evitar a mestura entre eles ou con outros residuos non perigosos, e asegurar o seu envío a xestores autorizados para este tipo de residuo.

Dispor da documentación que acredite que os residuos foron xestionados adecuadamente, xa sexa na propia obra, ou entregados a unha instalación para o seu posterior tratamento por Xestor Autorizado. Esta documentación deberá estar gardada polo menos os 5 anos seguintes. Se fose necesario, constituír a fianza ou garantía que asegure o cumprimento dos requisitos establecidos na Licenza, en relación cos residuos.

10.2. PARA O POSUIDOR DE RESIDUOS EN OBRA

A figura do posuidor dos residuos na obra é fundamental para una eficaz xestión dos mesmos, posto que está ó seu alcance tomar as decisións para a mellor xestión, e as medidas preventivas para minimizar e reducir os que se orixinan.

10.3. XESTIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN DENTRO DA OBRA

A xestión de residuos de construción e demolición (RCDs), realizarase segundo o disposto no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

A xestión de residuos perigosos efectuarase conforme á lexislación vixente nacional (fundamentalmente Lei 22/2011, RD 833/88, orde MAM/304/2002, así como as súas modificacións) e autonómica, tanto no que respecta á xestión documental como á xestión operativa.

A xestión dos residuos de carácter urbano das obras municipais efectuarase conforme ás ordenanzas municipais e á lexislación autonómica aplicable. No caso de residuos con amianto, ademais será de aplicación o Real Decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.

No capítulo III o Real Decreto impón que todas as empresas que vaian realizar actividades ou operacións incluídas no ámbito de aplicación do Real Decreto deberán inscribirse no Rexistro de empresas con risco por amianto existente nos órganos correspondentes da autoridade laboral do territorio onde radiquen as súas instalacións principais. As operacións de carga e transporte dos tubos de fibrocemento deberán ser realizados por persoal especializado segundo a normativa vixente, coas precaucións precisas para diminuír no posible a xeración de po.

10.4. SEPARACIÓN DE RESIDUOS EN OBRA

A separación dos residuos en obra deberase facer tomando as medidas de protección e seguridade adecuadas, de modo que os traballadores non corran riscos durante a manipulación dos mesmos.

Os procedementos para a separación de residuos, así como os medios humanos e técnicos destinados serán definidos previo comezo das obras.

É obrigatorio separar os residuos a medida que son xerados para que non se mesturen con outros e resulten contaminados.

Evitarase a contaminación dos plásticos e restos de madeira con produtos tóxicos ou perigosos, así como a contaminación dos almacenamentos por estes.

10.5. ALMACENAXE DE RESIDUOS EN OBRA

O depósito temporal de residuos efectuarase en contedores/recipientes destinados para ese efecto, de modo que se cumpran as ordenanzas municipais e a lexislación específica de residuos, evitando as verteduras ou contaminacións derivadas dun almacenamento incorrecto.

Etiquetar de forma conveniente cada un dos contedores que se van a usar en función das características dos residuos que se depositarán. As etiquetas deben informar sobre que materiais poden, ou non, almacenarse en cada recipiente. A información debe ser clara e comprensible. As etiquetas deben ser de gran formato e resistentes á auga.

Os contedores/recipientes de residuos estarán pintados con cores claros visibles, e neles constarán os datos do xestor do servizo correspondente ao residuo, incluída a clave da autorización para a súa xestión.

O depósito temporal dos cascallos, realizarase ben en sacos industriais iguais ou inferiores a 1m³, ou en contedores metálicos específicos coa localización e condicionado que establezan as ordenanzas municipais. Devandito depósito en provisións, tamén deberá estar en lugares debidamente sinalizados e segregados do resto de residuos.

O depósito temporal para RCD's valorizables (madeiras, plásticos, metais, chatarra...) que se realice en contedores ou provisións, deberase sinalizar e segregar do resto de residuos dun modo adecuado. Os contedores/bidóns para residuos perigosos localizaranse nunha zona específica, sinalizada e acondicionada para absorber posibles fugas, e estarán etiquetados segundo normativa. Tomaranse as medidas necesarias para evitar o depósito de residuos alleos á obra nos recipientes habilitados na mesma. Os contedores deberán cubrirse fose do horario de traballo.

10.6. CARGA E TRANSPORTE DE RESIDUOS

O transporte dos residuos destinados a valorización/eliminación levarase a cabo por xestores autorizados pola Xunta de Galicia para a recollida e transporte dos mesmos. Comprobarase a autorización para cada un dos códigos dos residuos a transportar.

Levarase un estrito control do transporte de residuos perigosos, conforme á lexislación vixente. O transporte de terras e residuos pétreos destinados a reutilización, tanto dentro como fóra das obras, quedará documentado.

As operacións de carga, transporte e vertedura realizaranse coas precaucións necesarias para evitar proxeccións, desprendementos de po, etc. Debendo empregarse os medios adecuados para iso. O contratista tomará as medidas idóneas para evitar que os vehículos que abandonen a zona de obras depositen restos de terra, barro, etc., nas rúas, estradas e zonas de tráfico, tanto pertencentes á obra como de dominio público que utilice durante o seu transporte a vertedoiro. En todo caso estará obrigado á eliminación destes depósitos ó seu cargo.

10.7. RETIRADA DE RESIDUOS DA OBRA

Nas demolicións observaranse as medidas de seguridade necesarias para preservar a saúde dos traballadores e as afeccións ao medio. Como regra xeral, procurarase retirar os elementos perigosos e contaminantes tan pronto como sexa posible, así como os elementos recuperables.

As terras superficiais que poidan ter un uso posterior para xardinería ou recuperación de solos degradados, serán retiradas e almacenadas durante o menor tempo posible, en montóns de altura non superior a 2 metros. Evitarase a humidade excesiva, a manipulación e a contaminación con outros materiais.

10.8. DESTINO FINAL DOS RESIDUOS

O contratista asegurase que o destino final dos residuos é un centro autorizado pola Xunta de Galicia para a xestión dos mesmos.

Realizarase un estrito control documental dos residuos, mediante albaranes de retirada, transporte e entrega no destino final, que o contratista achegará á Dirección Facultativa. Para os RCD's que sexan reutilizados noutras obras ou proxectos de restauración, achegarase evidencia documental do destino final.

10. VALORACIÓN DO TRANSPORTE E XESTIÓN DOS RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN DA OBRA

Os custes previstos para unha correcta xestión do presente Plan resultan dos gastos seguintes:

- Xestión en centro autorizado de residuos de formigón, plástico, madeira, etc.
- Aluguer de contenedores
- Servicio de recollida e entrega de contenedores
- Operario/s para o cumprimento de dito Plan de Xestión.

O Orzamento de Execución Material da xestión dos residuos xerados na Obra obxecto do presente Proxecto ascende á expresada cantidade de CINCOCENTOS DEZAOITO EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (518,79 €).

As terras procedentes da propia escavación serán reutilizadas parcialmente polo Contratista na mesma obra para o recheo das gabias e en outras obras ou lugares próximos nos que se poidan necesitar mediante acordo con particulares, ou a un vertedoiro controlado.

Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)

ANEXO 9

MEDIDAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

Anexo 9: Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística

ÍNDICE

1. OBXECTO E ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS	4
2. XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN	5
3. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS	5
3.1. EMPRAZAMENTO	5
3.2. TIPOLOXÍAS DE CAMIÑOS PREVISTAS	6
4. INCIDENCIAS DAS OBRAS	7
4.1. RESPECTO A ESPAZOS NATURAIS, VEXETACIÓN E HABITATS PRIORITARIOS	7
4.2. RESPECTO A ZONA DE POLICÍA.....	10
4.3. RESUMO DE AFECCIÓNS	11
5. MEDIDAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL A REALIZAR	12
5.1. INSTALACIÓNS AUXILIARES ÁS OBRAS	12
5.2. MEDIDAS PROTECTORAS DOS IMPACTOS SOBRE O MEDIO NATURAL	14
6. DISPOSICIÓNS NORMATIVAS	24
7. CONCLUSIÓN	25

SUBANEXO I: PLANOS AMBIENTAIS

1. OBXECTO E ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Redáctase o presente Anexo para xustificar o cumprimento das Obras recollidas no **“Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)”** ás condicións técnico-ambientais establecidas e esixidas pola actual lexislación concorrente en actuacións desta natureza.

O obxectivo do “Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)” será mellorar as infraestruturas existentes para facilitar o aproveitamento dos recursos agrarios da zona e proporcionar maiores expectativas de viabilidade ás actuais explotacións. Para iso, as melloras que será necesario realizar como parte do proceso de reestruturación parcelaria están orientadas fundamentalmente a dotar de accesos adecuados ás leiras que xurdiron da reordenación da propiedade.

O 17 de agosto de 1993 declárase de utilidade pública e urxente execución por interese social a concentración parcelaria da zona de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño-Pontevedra).

Ademais, foi aprobado o Acordo o 27 de novembro do 2006 (DOG/15/01/2007) e tomada a posesión o 20 de xullo do 2007.

Con data 14 de xullo de 2015 publícase no Diario Oficial de Galicia a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Dita lei dispón na súa Disposición transitoria primeira referida á irretroactividade da norma, que as disposicións introducidas en dita lei aplicaranse aos procedementos de concentración parcelaria en curso sen retroceder nos trámites, adaptándose, de ser posible, á fase en que se encontren. No caso de non poder levar a cabo esta adaptación, dita lei aplicarase no inicio da fase seguinte.

Respecto a esta se ten formulado, para o seu normal desenvolvemento administrativo e técnico, o documento, respecto ó cal se redacta o presente Proxecto:

Destacar tamén que se utilizou como referencia o **Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)** do Concello de Tomiño, aprobado definitivamente o 29 de marzo do 2001, Publicado no BOP o 15 de maio do 2001.

2. XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN

As necesidades a satisfacer pola Rede de Camiños proxectada son as seguintes:

- **Necesidades sociais**
 - a) Comunicar os lugares entre si, e coas parroquias veciñas, con viais máis curtos e rápidos (*potenciando o intercambio de iniciativas*), e mellorar os seus accesos.
 - b) Dotar á zona dunhas vías de comunicación que faciliten o desenvolvemento socioeconómico da mesma.
- **Necesidades económicas**
 - a) Comunicación cos centros de produción, comerciais e administrativos.
 - b) Dotar de adecuado servizo ás leiras de reemprazo en beneficio da súa rendibilidade.
- **Vertebración da Zona de Reestruturación Parcelaria**

Coas actuacións obxecto do presente Proxecto iniciárase, de xeito óptimo e sostible:

- a) Unha vertebración total da zona a nivel social, económico e estrutural.
- b) Un acceso directo as fincas da zona.
- c) Adecuación de toda a rede de camiños (*actuais e futuros*), e indirectamente das estradas da zona, o nivel de seguridade vial esixido para este tipo de infraestruturas e segundo o nivel de tráfico que soportan na actualidade.

Segundo o disposto no **artigo 2 da lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia**, unha das finalidades da concentración é a de establecer unha rede viaria á que teñan acceso directo todas as fincas.

Con este fin, xunto co de mellorar a comunicación entre os lugares das parroquias e as paraxes onde se sitúan agras e montes obxecto de concentración, redáctase o presente proxecto como parte do Plan de Obras e Melloras Territoriais, tendente a mellorar as condicións para a explotación dos recursos agrícolas, gandeiros e forestais da zona.

3. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS

3.1. EMPRAZAMENTO

A obra descrita ubícase nas parroquias de Estás, Goián e Figueiró , Concello de Tomiño e Provincia de Pontevedra, tal e coma se pode comprobar no Plano 1, de Situación e localización, axunto ó Documento Nº 4: PLANOS do presente Proxecto.

3.2. TIPOLOXÍAS DE CAMIÑOS PREVISTAS

As Obras previstas no *“Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)”* definen unha rede de **seis (6) camiños**, cunha lonxitude total de **479 metros** (0,479 Km).

A rede de camiños proxectada está formada por:

- Camiño C1: Nova Apertura. Cunha lonxitude de 57 metros lineais.
- Camiño C2: Mellora. Cunha lonxitude de 63 metros lineais onde se levará a cabo acondicionamentos de firmes principalmente, sen novas aperturas.
- Camiño C3: Do P.Q. 0+000 ao 0+100 mellora onde se levará a cabo acondicionamentos de firmes principalmente, sen novas aperturas, e do P.Q. 0+100 (aprox.) nova apertura. Cunha lonxitude total de 203 metros lineais.
- Camiño C4: Nova Apertura. Cunha lonxitude de 123 metros lineais.
- Rampla: Nova apertura salvo na parte final que se acondiciona o existente, sen novas aperturas.
- Viradoiro: Cunha lonxitude de 23 metros lineais, levarase a cabo nova Apertura en todo o tramo salvo na parte da dereita na que se fai unha mellora consistente no desbroce da zona existente.

A continuación amósase unha táboa coas coordenadas de inicio e fin de cada un deles (Sistema de coordenadas UTM ETRS89, metros), así como a lonxitude aproximada e o polígono ó que pertencen:

Nome	Lonx. Eixo	Coord. X Inicio	Coord. Y Inicio	Coord. X Fin	Coord. Y Fin	Polígono
Camiño C1	57	518990.2118	4647879.9635	519012.5652	4647846.6495	501
Camiño C2	63	517792.6795	4644691.2005	517731.9879	4644708.0825	514
Camiño C3	203	519118.2464	4644608.0405	519230.3467	4644655.8176	516
Camiño C4	123	518044.9755	4643837.2965	518018.4215	4643719.024	522
Rampla	10	519208.7864	4647415.4136	519200.8726	4647421.7797	502
Viradoiro	23	517879.3262	4644668.8963	517856.6926	4644675.1463	515
TOTAIS	479					
Unidades	m	m	m	m	m	

4. INCIDENCIAS DAS OBRAS

4.1. RESPECTO A ESPAZOS NATURAIS, VEXETACIÓN E HABITATS PRIORITARIOS

4.1.1. DESCRICIÓN DA ZONA

Tomiño é un municipio situado na parte suroeste da provincia de Pontevedra e forma parte da comarca do baixo Miño.

Tomiño pertence á zona de Galicia con clima Oceánico Costeiro onde os veráns son calorosos e maiormente despexados e os invernos son fríos, húmidos e parcialmente nubrados. Durante o transcurso do ano, a temperatura xeralmente varía de 7 °C a 25 °C e de cando en cando baixa a menos de 2 °C ou sobe a máis de 32 °C.

Pese ao elevado índice pluviométrico da rexión (próximo aos 1.300 mm anuais) a escasa (cando non nula) impermeabilidade do substrato, propicia unha importante escorrentía en toda a zona, á vez que se dificulta a implantación de acuíferos subterráneos de interese. A pesar do anteriormente exposto, é posible a prospección e explotación de pequenas veas acuíferas relacionadas coa importante rede de diaclasas e fallas que afectan ao substrato ígneo e/o metasedentario. Por outra banda, os distintos niveis de terrazas situados en ambos os lados do leito do Miño, albergan outros tantos acuíferos, dada a súa composición granular e a súa morfoestructura. Tales acuíferos presentan un interese limitado, tendo en conta que a potencia dos niveis permeables non supera, a miúdo, a decena de metros e, doutra parte, ao muro de cada terraza xace unha potente capa de areas caoliníferas practicamente impermeable. O resultado de todo iso é a implantación de pequenos acuíferos <<colgados>> e drenados naturalmente, a través dos acúmulos coluviales que soterran os escarpes de cada terraza.

Non foron atopadas, en consecuencia, captacións dignas de mención na zona estudada, aínda que é verdade que son moi frecuentes os pozos familiares de pouca profundidade e limitado caudal, así como zanjones de drenaxe e pequenas galerías, case sempre dedicadas á subministración hídrica de leiras e vivendas.

Hai que destacar, como labores de captación importantes, as dedicadas ao abastecemento dalgúns dos núcleos de poboación asentados na zona (Tabagón, Estas, etc.). Trátase de afloramentos importantes situados na saia E da Serra de Argallo, posiblemente potenciadas por galerías, actualmente non accesíbles, e cursos case permanentes de escorrentía, procedentes de novas pequenas afloramentos reunidos.

A zona de Tomiño encóntrase sobre o ángulo noroccidental da península ibérica, entre as provincias de A Coruña e Pontevedra. O relevo non presenta altitudes superiores a 800 m, mostrando superficies relativamente chairas, polas zonas dos ríos Umia e Miño, e sucedéndose no resto, continuos outeiros e valgadas, as cales dan un modelado abrupto e de formas redondeadas.

Anexo 9: Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística

As aliñacións montañosas, mostran unha marcada dirección, SO-NE (Montes de Barbanza, Monte Gaibre, Monte de Castrove e Serras de Galiñeiro), estando rodeadas de superficies chairas que coinciden xeralmente cos remansos dos cursos de auga. A rede fluvial, que aquí é de forma moi patente, cínquese á disposición xeral do relevo, presenta dúas claras vertentes de auga: A vertente atlántica, por intermedio das tres rías e a conca do Miño. A vertente atlántica, está formada por todos aqueles leitos que verten ao Océano, ben directamente, ben por mediación das rías: Arousa, Pontevedra e Vigo.

Os terreos, teñen polo xeral capacidades de carga altas, non existindo a posibilidade da aparición de asentos de ningún tipo, aínda que, pode darse, tal como xa se indicou nas súas características xeomorfolóxicas, a existencia de esvaramentos. As condicións construtivas oscilan entre favorables e aceptables, por verse afectadas moitas veces polas adversas condicións hidrolóxicas e xeomorfolóxicas.

As súas condicións construtivas, oscilan, con todo, entre aceptables e desfavorables, debido á acusada morfoloxía existente.

Na zona de estudio existen numerosos regatos pequenos e incluso nas proximidades atopamos o río Miño, que non linda ca zona de concentración, pero é no que desembocan todos os regatos que a atravesan. Todos estes cursos son de pequena entidade, xa que nacen no propio Concello de Tomiño ou nas proximidades; destacamos entre todos os que atravesan as parcelas da zona de concentración:

- Regato Cerradas
- Regato de Bravos
- Río Tollo
- Regato da Fábrica
- Rego de Medos

Ningún deles chega ós 10 Km de lonxitude, pero a orografía do terreo provoca que as concas sexan maiores de 0,5 Km², polo que os cálculos débense facer tendo en conta que os regatos se van a salvar con marcos de formigón en lugar de tubos.

Na área de estudio existen tamén numerosas fontes, mananciais e pozos. Sen destacar ningunha zona inundable nas proximidades. A zona non conta con grandes cadeas montañosas nin con fortes pendentes, pero tampouco hai grandes chairas que favorezan a acumulación ou estancamento das augas procedentes de choivas.

Os dous regatos que se van a cruzar neste proxecto, nacen na Serra do Argallo, que é un espazo natural que destaca especialmente polo seu valor paisaxístico e as súas vistas, que dominan un amplo territorio do Baixo Miño. Un dos principais enclaves é o Niño do Corvo, a 313 m de altitude, cunha panorámica a dúas bandas, por un lado a desembocadura do Miño e polo outro o val do Rosal.

No sistema sometido a análise non se atopa ningún acuífero de entidade co que se poida contar como fonte de recursos explotable para demandas de contía apreciable.

Anexo 9: Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística

Os solos son pouco evolucionados polo que a potencia das estruturas que poden efectuar o papel de acumuladores de auga é mais ben pequeno e de carácter local.

4.1.2. ESPAZOS NATURAIS

Ningunha das actuacións previstas esta localizada en espazo natural protexido incluído algún da Rede Natura 2000.

Aínda que a zona de estudo non presenta áreas catalogadas oficialmente como de especial protección ambiental, considérase axeitado mencionar, pola súa proximidade, os seguintes espazos a conservar:

Código	Nome	Categoría	Distancia
<i>ES0000375</i>	<i>Esteiro do Miño</i>	<i>Birds Directive Sites (SPA)</i>	<i>1,36 Km</i>
<i>ES1140007</i>	<i>Baixo Miño</i>	<i>Habitats Directive Sites (pSCI, SCI or SAC)</i>	<i>1,36 Km</i>
<i>PTCON0019</i>	<i>Rio Miño</i>	<i>Habitats Directive Sites (pSCI, SCI or SAC)</i>	<i>1,73 Km</i>
<i>PTZPE0001</i>	<i>Estuarios dos Rios Miño e Coura</i>	<i>Birds Directive Sites (SPA)</i>	<i>1,75 Km</i>

A zona de actuación sitúase na comarca paisaxística “Costa Sur-Baixo Miño” na gran área paisaxística co mesmo nome.

Ademais dos espazos naturais protexidos sinalados é importante mencionar a **serra de Argallo**, que se atopa nas proximidades, pero que **non se verá afectada polo proxecto**.

Ante todo o sinalado non se provocará, coa execución das obras proxectadas, incidencia ambiental algunha respecto a espazo natural protexido localizado no seu entorno.

4.1.3. HÁBITATS PRIORITARIOS

Dentro da Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián - Figueiró non se detecta a presenza de ningún dos hábitats relacionados no Anexo I da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (BOE nº 206 de 22/07/1992).

Pero en canto a comunidades vexetais protexidas por tratarse de hábitats de interese comunitario, as cales pasarán a formar parte da Rede Natura 2000, hai que remitirse á Directiva 92/43/CEE. Consultando a mesma conclúese que non existen comunidades vexetais protexidas.

4.2. RESPECTO A ZONA DE POLICÍA

Na execución do “*Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)*” non se efectúa ningunha tala de vexetación localizada en canles naturais e/ou a súa Zona de Policía, a excepción da limpeza e broza superficial necesarias e previstas para a implantación das ODT proxectadas.

Cúmprese, polo tanto, co establecido na epígrafe 3 do Artigo 34º, de Tala e plantación de árbores, do Capítulo VII, de Medidas de protección das masas de auga, da Sección II, de Medidas para a utilización do Dominio Público Hidráulico, do Anexo III, de Disposicións normativas do Plan Hidrológico da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, do Real Decreto 1/2016, de 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos Plans Hidrológicos das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Júcar, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Duero, Tajo, Guadiana e Ebro (BOE nº 16, do 19 de xaneiro de 2016), a cal indica que se deberá respectar o DPH e franxa de vexetación de ribeira autóctona da zona de servidume e policía

Os treitos paralelos a liñas de corrente de auga de certos camiños proxectados, pódense ver no Plano de Concas, axunto ó presente anexo. Na seguinte táboa aparecen todos os camiños que entran nas zonas de Policía dos mesmos. Distinguindo se se produce un cruce ou se simplemente pasan por esa superficie, ademais podemos ver tamén a lonxitude do tramo afectado e o P.Q. máis desfavorable.

Hidraulicamente a implantación de catro (4) treitos pertencentes a catro (4) dos camiños proxectados na zona de policía dos canles, de todos os casos sinalados, en dúas (2) ocasións están situados de xeito paralelo a liñas de corrente existentes na zona e a poucos metros do cauce, achegando un plano para amosar que non se producen afeccións ós regatos en cuestión; en todos os casos cumprindo o esixido na epígrafe 3 do artigo 48º, de Limitacións ós usos na zona de policía asolagable, da Sección IV, de Medidas para a protección contra as inundacións e as secas, do Anexo III, de Disposicións normativas do Plan Hidrológico da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, do Real Decreto 1/2016, de 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos Plans Hidrológicos das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Júcar, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Duero, Tajo, Guadiana e Ebro (BOE nº 16, do 19 de xaneiro de 2016).

Os treitos paralelos a liñas de corrente de auga de certos camiños proxectados, pódense ver no Plano de Concas, axunto ó presente anexo. Na seguinte táboa aparecen todos os camiños que entran nas zonas de Policía dos mesmos. Distinguindo se se produce un cruce ou se simplemente pasan por esa superficie, ademais podemos ver tamén a lonxitude do tramo afectado e o Pk máis desfavorable.

Anexo 9: Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística

Nome	Afección. Lonxitude	¿Cruza o curso?	Nome Regato
C1	57.07	SI	Regato dos Bravos
C2	61.67	SI	Regato Cerradas
C3	205.28	NON	Regato Cerradas
C4	0.00	NON	
Rampa	0.00	NON	
Viradoiro	22.64	NON	Regato Cerradas
TOTALES	346.66 m		

Con estes datos, observamos que o total de distancia que discorre por dentro da zona de policía dos ríos será de 346,66 m. incluíndo tamén os tramos onde se producen os cruzamentos estudados nos apartados superiores e desenvolvidos nos cálculos axuntos ó presente anexo.

Nome	Lonx. Eixo	Nome Regato	Tipoloxía	Zona de Policía	Zona de Policía Inicio	Zona de Policía Fin	Cruza o curso de Auga	PK Desfavorable
C1	57.070	Regato dos Bravos	Nova apertura	57.070	0+000	0+057.07	SI	0+010.40
C2	61.670	Regato Cerradas	Mellora	61.670	0+000	0+061.67	SI	0+042.87
C3	205.280	Regato Cerradas	0+000-0+100 – mellora 0+100-0+203 – nova apertura	205.280	0+000	0+205.28	NON	0+100.00
C4	123.200		Nova apertura					
Rampla	6.220		Mellora					
Viradoiro	22.640	Regato Cerradas	Nova apertura	22.640	0+000	0+022.64	NON	0+022.64
				346.660 m				

No anexo 11, esta táboa aparecerá detallada cas pertinentes observacións ambientais que cada un representa para o cauce do regato máis próximo

4.3. RESUMO DE AFECCIÓN

Na seguinte táboa amósase un resumo das afeccións de cada camiño (esta táboa aparecerá ampliada e detallada no Subanexo 11.1). Nela aparecen en cor vermello as incidencias e en verde os camiños que non provocan afección. En cor amarelo aparecen os camiños que se atopan moi próximos ás zonas afectadas. Destacar que o único medioambientalmente reseñable dentro destas parroquias é a zona de policía das augas, que é o que provoca as afeccións hidrolóxicas.

Anexo 9: Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística

TABOA RESUMO DE AFECCIÓNS					
Nome	Lonx. Eixo	Tipo	Ambiental	Patrimonial	Policía
Camiño C1	57 m	Nova apertura	NON	NON	SI
Camiño C2	63 m	Mellora	NON	NON	SI
Camiño C3	203 m	0+000-0+100 – mellora 0+100-0+203 – nova apertura	NON	NON	SI
Camiño C4	123 m	Nova apertura	NON	NON	NON
Rampla	10 m	Nova apertura Parte final mellora	NON	NON	NON
Viradoiro	23 m	Nova apertura Parte dereita acondicionamento	NON	NON	SI

5. MEDIDAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL A REALIZAR

Considérase axeitado realizar as seguintes medidas de protección na execución das obras proxectadas:

5.1. INSTALACIÓNS AUXILIARES ÁS OBRAS

5.1.1. UBICACIÓNS PREVISTAS

No que se refire á ubicación das instalacións auxiliares tipo oficinas, vestiarios, etc, sinalar que non se prevé a súa necesidade dadas as características e programa das obras a desenrolar, estimándose unicamente a necesidade de instalacións auxiliares menores, caso de zonas para o acopio temporal de materiais de obra, terras vexetais e similares, para as que se utilizará a propia traza dos camiños, coa excepción das zonas de exclusión, que se corresponden cós seguintes ámbitos:

- Zonas catalogadas no Inventario de Humedais de Galicia (50 m respecto ó seu perímetro).
- Outra rede fluvial e entorno próximo (8 m respecto as súas ribeiras).
- Bosques edafófilos e caducifolios.
- Elementos do Patrimonio Cultural e áreas de cautela.
- Entidades de poboación, vivendas illadas e entorno (10 m respecto ó seu perímetro).

5.1.2. EQUIPAMENTO E DOTACIÓNS

5.1.2.1. PARQUE DE MAQUINARIA, XESTIÓN DE RESIDUOS E ZONAS DE ALMACENAMENTO TEMPORAL

O Parque de Maquinaria ou zona de cambio de aceite e repostaxe instalarase nun tramo sen uso ou apartado das estradas colindantes, que sexan zonas totalmente acondicionadas para tal fin ó manterse en boas condicións o seu asfalto.

Levarase un control exhaustivo dos derrames que se poidan producir, procedendo á súa eliminación inmediata, no momento de producirse, mediante a súa absorción con celulosa ou saburra, que posteriormente se tratará como un residuo perigoso, tal e como establece a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

Anexo 9: Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística

Por outra parte, e se se dese o caso, será necesario presentar a documentación acreditativa para notificar a produción de residuos perigosos para a fase de obras, en cumprimento do Decreto 174/2005, de 7 de decembro, polo que se regula a Autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia.

Os movementos de maquinaria fora das pistas existentes na zona de actuación limitaranse ó necesariamente imprescindible, seguindo trazados de pouca pendente, para que as pegadas producidas non favorezan a escorrentía. Aproveitarase na medida do posible as pistas existentes como acceso ós distintos taxos de obra.

Para evitar afeccións sobre o terreo, todos os residuos xerados na fase de obra deberán ser xestionados rápida e adecuadamente de acordo á súa tipoloxía.

No seguinte cadro especifícanse, para cada tipoloxía de residuos, as posibilidades de xestión, con indicación expresa da fase de obra en que se producen:

MATERIAIS	ALMACENAMENTO	TRATAMENTO / VALORIZACIÓN / RECICLAXE
Materiais non especiais	Sacos	> Minimización, reutilización e reciclaxe > A vertedoiro autorizado
Plásticos, papel e cartón	En contedores da Empresa Xestora	> Minimización e reutilización en Obra e/ou por XRA > A vertedoiro autorizado
Asimilables a urbáns Envases e embalaxes de bebidas ou a alimentos	En contedores municipais	> Minimización, reciclaxe e reutilización > A vertedoiro de RSU
Materiais bituminosos	En contedores da Empresa Xestora	> A vertedoiro autorizado
Industriais Aceites usados, pinturas, disolventes, <i>(incluídos embalaxes ou téxtil impregnados con eles)</i>	En contedores da Empresa Xestora	> Minimización e entrega a XRA
Madeira de obra <i>(diferente á madeira de árbores apeados e/ou seus subprodutos)</i>	En Obra e contedores	> Reutilización en Obra e/ou por XRA > A vertedoiro autorizado

XRA: Xestor de Residuos Autorizado

RSU: Residuos Sólidos Urbáns

O almacenamento dos residuos perigosos realizarase en zonas especiais de almacenaxe temporal que se instalarán segundo as seguintes indicacións:

- 1º) O recinto debe estar a cuberto e delimitado o seu contorno.
- 2º) Debe ter un cubeto no que recoller posibles derrames.
- 3º) Diferentes tipos de residuos deben estar claramente separados e identificados.
- 4º) O tipo de contedores a utilizar pode ser variable *(bidóns, caixas...)*.
- 5º) Se o almacenamento é previo a entregar para a súa xestión dende o parque de maquinaria, basta cunha etiqueta identificativa do tipo: ENVASES CONTAMINADOS, PILAS,...
- 6º) Se a entrega a xestor se realizará dende a obra, a etiqueta debe cubrir todos os apartados requiridos legalmente, e dicir, código do recurso, identificación da empresa e o xestor final,

- 7º) O recinto para este fin con preferencia será prefabricado, tal e comas se mostra na fotografía da dereita.

Como criterios xerais de actuación neste campo, e por orden decrecente de preferencia, seguiranse os que se especifican a continuación. Previamente ó comezo das obras, basearanse na análise tanto das actividades de obra como das de mantemento, e para cada unha das tipoloxías de residuos identificadas, examinaranse as posibilidades reais de:

1. Minimización do residuo.
2. Reutilización ou reciclaxe, interno (*contratista*) ou externo (*outras empresas ou persoas físicas interesadas*).
3. Vertido en instalación autorizada e adecuada ó tipo de residuo ou entrega a xestor autorizado.

No tempo que transcorre entre a produción do residuo e a súa xestión, ditos materiais deberán estar adecuadamente acopiados e/ou almacenados da forma e no lugar máis adecuado para que non se produza ningún tipo de afección.

As conclusións desta análise serán distribuídas por escrito a todo o persoal de obra e mantemento.

5.1.2.2. Desmantelamento

Unha vez finalizadas as obras, repóranse e/ou devólvanse as súas condicións iniciais todas as áreas afectadas polas instalacións auxiliares que non se encontren directamente sobre a traza; corrixiéndose así, as alteracións producidas durante a fase de construción sobre o entorno.

A restauración das áreas afectadas consistirá na restitución das condicións iniciais e saneo das zonas que se viron sensiblemente afectadas pola execución do Proxecto, conqueríndose así eliminar o impacto residual das obras.

5.2. MEDIDAS PROTECTORAS DOS IMPACTOS SOBRE O MEDIO NATURAL

5.2.1. MEDIDAS PROTECTORAS PARA O SOLO

Realizaranse unha serie de actuacións destinadas a delimitar a ocupación de aquel solo situado en lugares de interese especial, xestionar e conservar a capa de solo fértil situada na zona onde se desenvolvan as obras e prever a posibilidade de que se produzan vertidos contaminantes nos solos da zona afectada por estas e as súas proximidades durante a execución dos traballos.

5.2.1.1. XALONADO

Tómase como medida preventiva destinada a minimizar e controlar as afeccións asociadas á ocupación do solo e cuberta vexetal asociada, o xalonado ou balizado do ámbito de ocupación das obras, incluíndo nel os ámbitos territoriais afectados por instalacións auxiliares e viarios de obra.

En suma, de forma previa ó inicio do proceso de despexe e roza do área de traballo levarase a cabo o xalonado dos seguintes elementos:

Anexo 9: Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística

- Zona de ocupación estrita da obra.
- Instalacións Auxiliares ás obras.
- Viarios de obra.
- Entornas fluviais e Humedais.
- Elementos patrimoniais.
- Bosques edafófilos e caducifolios.

Porase especial coidado no balizamento dos ámbitos fluviais a cruzar polo trazado, tomando neste caso como referencia a zona de servidume do Domino Público Hidráulico e incluíndo, se procede, ó cordón vexetal ripario asociado ás ribeiras.

Igualmente, prestarase especial atención ó xalonado dos elementos do patrimonio cultural inventariados no entorno das actuacións. En calquera caso este aspecto o fará o Director de Control e Seguimento Arqueolóxico das obras.

O xalonado temporal simple para a zona de obras, efectuarase mediante colocación dos xalóns de madeira cada catro (4) metros e dunha banda de plástico reflectante de diferente color segundo se delimite o viario da obra ou as zonas de ocupación estrita.

O xalonado provisional será claramente visible, consistente e de difícil desprazamento, deixando unha altura máxima de 100 cm entre a cota do solo e o límite inferior da banda de plástico. Estes elementos serán retirados unha vez finalizadas as operacións na zona. Para a delimitación das zonas de instalacións auxiliares, este xalonado reemprazase por un peche provisional de malla metálica e postes formigonados para garantir a integridade de ditas zonas.

A franxa de actuación a xalonar quedará comprendida, no caso do trazado, dentro dos terreos afectados polo proxecto, e preferentemente, reducirase a franxa de ocupación da explanación da vía. Esta medida realizarase na fase de construción, ó inicio das obras, de forma previa ás operacións de roza.

En canto ó mantemento destes elementos, cabe sinalar que este debe axustarse á periodicidade necesaria e suficiente para que en todo momento presente un correcto estado e cumpra adecuadamente cos obxectivos que xustifican a imposición desta medida de carácter preventivo.

5.2.1.2. BALANCE DE TERRAS

O balance de terras do Proxecto determina a existencia de sobrantes, despois de realizar o balance entre os camiños proxectados.

A terra vexetal extraída previamente ó inicio dos movementos de terras previstos xestionarase segundo se indica no Epígrafe correspondente do presente Documento.

5.2.1.3. XESTIÓN DE TERRAS DE TRÁNSITO E MATERIAL PÉTREO

Poderían aparecer ó realizar o desmonte previsto nos camiños que se desenrolexen a media ladeira das zonas forestais da Zona de Concentración Parcelaria.

En xeral, se as rochas que aparecen, son compactas e estables fronte á acción dos axentes externos, a súa xestión realizarase mediante a súa valorización coma pedraplén dentro da construción da rede de camiños.

5.2.1.4. XESTIÓN DE TERRAS VEXETAIS

Con esta medida pretende planificar o abasto da terra vexetal que é necesario retirar da zona de Obra, programando o seu mantemento adecuado durante o tempo que sexa necesario ata a súa reutilización para a rexeneración dos solos sobre as superficies resultantes da Obra ou dos noiros creados.

Prevese tamén a recuperación do total extraído mediante a roza programada previamente á execución do movemento de terras, mediante o que se detalla nos apartados seguintes.

Minimizarase a intervención sobre a cuberta edáfica, evitándose, na medida do posible, a realización de movementos de terras innecesarios ou non proxectados, sobre todo nas zonas próximas a canles naturais.

5.2.1.4.1. PROGRAMA DE ABASTO E MANTEMENTO DE TERRAS VEXETAIS

Programarase a recuperación e tratamento do máximo volume posible de solo fértil, para o seu posterior emprego en procesos de revexetación e acondicionamento paisaxístico. Estas labores de recollida de solo realizaranse baixo o cumprimento dunhas esixencias mínimas que garantan o correcto mantemento deste recurso.

5.2.1.4.2. RECOLECCIÓN

Realizarase sobre aqueles ámbitos onde a profundidade da capa de terra vexetal alcance o mínimo necesario de 0,10 metros de profundidade, (umbral mínimo que permite o desenvolvemento destas labores).

5.2.1.4.3. DEPÓSITO

Realizarase en parques de almacenamento situados no perímetro do ámbito de ocupación do trazado, se ben emprazaranse respectando as distancias de protección ós canles (100 metros), para así minimizar o posible impacto que o arrastre da terra vexetal asociado a fenómenos de escorrentía superficial puidera chegar a ter sobre os mesmos.

5.2.1.4.4. ALMACENAMIENTO

O solo unha vez recollido, almacenarase en montóns cuxa altura non debe superar os dous (2) metros, co obxecto de evitar procesos de compactación e mala aireación, coa conseguinte perda das súas calidades. O almacenamento deberá realizarse atendendo ás seguintes indicacións:

- Formaranse cabalóns ou artesas cuxa altura máxima manterase por debaixo de dous (2) metros, para evitar a excesiva compactación de terra vexetal nas capas inferiores, mala aireación e por conseguinte a perda das súas calidades.
- Os cabalóns terán sección trapezoidal, con base de seis (6) metros e coroación de dous (2) metros. Os noiros manterán unha inclinación non superior ós 45°. A lonxitude dos cabalóns será variable, dependendo das dimensións do parque.
- A distancia entre cabalóns será a necesaria (3,50 metros aproximadamente) para permitir as manobras da máquina adecuada ó manexo dos cabalóns. Suxírese unha pala cargadora sobre eirugas de tamaño pequeno.
- A formación dos cabalóns farase por tongadas de 0,50 m de espesor, que non deben ser compactadas.
- Evitarase en todo momento o paso da maquinaria por riba da terra amoreada para evitar os procesos de compactación. Se fora necesario o modelado do cabalón, farase con un tractor agrícola que compacte pouco o solo.
- Faranse lixeiros afondamentos na capa superior do abasto para evitar o lavado do solo pola chuvia e a deformación dos seus laterais por erosión.
- Unha vez rematado o cabalón, procurarase que non queden na cara superior concavidades esaxeradas, que poidan reter o auga de chuvia e destruír a xeometría buscada para os abastos.

5.2.1.4.5. MANTEMENTO

O mantemento dos montóns ata a súa reutilización nas labores de restauración da obra deberá seguir certas normas:

- Recomendase a redución ó mínimo do tempo de almacenamento da terra vexetal, abordando o estendido da mesma para a restauración de forma progresiva e secuencial a medida que se rematen as superficies.
- A importante cantidade de sementes que presentan os solos da zona fan innecesaria a labor de sementeira para protección dos montóns de terra vexetal. As condicións climáticas da zona permitirán o proceso de xerminación das sementes contidas en superficie, facendo aparición unha cobertura vexetal espontánea.
- Se o almacenamento se dilatase no tempo será necesario considerar a realización de certas labores periódicas de mantemento para manter a humidade e aireación dos montóns, preservando a súa capacidade agrolóxica.
- En función do grado de compactación observado nos montóns deberán realizarse remocións do material para lograr unha boa aireación, cunha periodicidade aproximada de quince (15) días.

Anexo 9: Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística

- Nun desenrolo normal do ano climático so deberá considerarse a realización de regos durante o período estival, fundamentalmente no mes de Agosto.
- En caso de períodos anormais de seca ampliarase a realización de regos a outros períodos.

5.2.1.4.6. APOORTE

Realizarase o aporte da terra vexetal almacenada en Obra sobre os noiros e outras superficies alteradas, coa intención de reconstruír, na medida do posible, a secuencia de horizontes observada nos solos alterados.

Farase a nova extensión mediante o aireado e fertilización da mesma e de xeito homoxéneo polas parcelas lindantes ós camiños abertos ou nos seus noiros definidos, contribuíndo a presente acción a mellora tanto do control de erosión como da riqueza agrícola ó aumentar o espesor da capa produtiva das parcelas e o seu drenaxe en profundidade.

5.2.2. MEDIDAS PROTECTORAS PARA O SISTEMA HIDROLÓXICO

A obra formulada pode afectar ó sistema hídrico, destacando o empeoramento da calidade das augas das canles ou regos próximos, xa que resultará practicamente inevitable o arrastre de sólidos en suspensión procedentes do movemento de terras.

Outras afeccións, na súa maioría evitables, son as producidas polos vertidos accidentais durante as obras (afección as augas superficiais e/ou subterráneas) e implantación de algúns dos camiños proxectados preto de liñas de corrente existentes na zona e ter que cumprir o esixido *no Plan hidrológico da demarcación hidrográfica de Miño-Sil*, PLAN HIDROLÓXICO 2022-2027 (VIXENTE, REAL DECRETO 35/2023, DE 24 DE XANEIRO, BOE 10 DE FEBREIRO DE 2023).

Os camiños proxectados dotaranse dos habituais elementos de drenaxe lonxitudinal e transversal (gabias e canos), acompañados das súas respectivas embocaduras e arquetas.

5.2.2.1. MEDIDAS PROTECTORAS PARTICULARES RESPECTO AS OBRAS PROXECTADAS

O impacto tanto da construción dos camiños proxectados coma da implantación das obras de drenaxe (transversal e lonxitudinal) previstas respecto ó sistema hidrológico existente na zona de actuación é mínimo xa que so se verá afectado o tempo que dure a súa execución, téndose en conta mentres, as seguintes pautas de protección:

- As obras realizaranse en época de estiaxe, realizando o movemento de terras previsto coas medidas necesarias para evitar enturbar as augas da canle debido á posible incorporación de terras, limos ou restos vexetais.

Anexo 9: Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística

- Así mesmo terase especial coidado en non verter na canle cemento, aceites ou hidrocarburos procedentes da maquinaria ou calquera outra sustancia que poida alterar as condicións fisicoquímicas da auga, cumpríndose en todo momento os parámetros de calidade das augas que se definen no Anexo V do Decreto 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.
- O acceso da maquinaria realizarase polo lugar que cause menor impacto, utilizándose a mesma zona que vaia a ser afectada polas obras.
- As labores de mantemento da maquinaria realizaranse en lugares habilitados para iso, sempre lonxe da canle, almacenando os residuos perigosos e non perigosos en condicións de hixiene e seguridade para a súa entrega ó xestor autorizado.
- Non se acumularán materiais ou residuos en lugares que pola súa proximidade á canle sexan susceptibles de ser arrastrados pola auga ou a choiva a este.
- Procurarase que as obras sexan executadas o antes posible nestas zonas.

5.2.2.2. Medidas protectoras xerais para o sistema hídrico

Para evitar que o dano sexa maior do imprescindible, propóñense as seguintes medidas correctoras, a maiores das xa indicadas no presente documento:

- Barreiras filtrantes que evitarán o empeoramento da calidade das augas das canles ou regos próximos.
- O parque de maquinaria e as súas instalacións auxiliares situarase nunha zona onde as augas superficiais no se vexan afectadas.
- Procederase a realizar un control do movemento de terras cando este se efectúe nas inmediacións de cursos de auga, para evitar así que cheguen sedimentos a estas.

Para isto extremaranse as precaucións cando o desenvolvemento destes traballos se realice a unha distancia inferior a dez (10) metros destes cursos.

- Control de erosión e arrastre de materiais ás canles mediante a instalación de barreiras filtrantes a base de pacas de palla de cereal nas marxes dos canles naturais máis pretos as zonas de execución das obras proxectadas.

Cabe precisar que de acordo ó Plan de Obra, como non se prevé actuar en todos os camiños ó mesmo tempo, se presuposta a unidade de barreiras de pacas de palla a reutilizar a medida que se pechen e abran os camiños consecutivamente.

Non é necesario, para a execución da obra proxectada, a construción de balsas de decantación para o control da chegada de inertes, a través das gabias dos camiños abertos, ás canles localizadas na zona xa que estas deseñáronse para evacuar directamente a auga, e máis os seus arrastres, nas parcelas lindantes ós mesmos, conseguíndose deste xeito:

- Un filtrado natural dos arrastres a través do propio terreo.
- Un aproveitamento da auga de escorrentía como rega para as parcelas.

Anexo 9: Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística

- Unha eliminación das afeccións medioambientais que produciría no entorno a execución de todas as accións necesarias para a construción dunha balsa de decantación (baleirado de terreo de gran valor agrícola o estar preto dunha canle xunto a implantación da estrutura de formigón que conformaría a balsa, cun vertido “in situ” para a zapata e mediante pezas prefabricadas para o resto de compoñentes).

Cumprirase o establecido no:

- R.D. 849/1986, do 11 de abril, polo que se o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, (Modificado por R.D. 367/2010, R.D. 9/2008, R.D. 1620/2007, R.D. 606/2003, Resolución de 21 de novembro de 2001, R.D. 1771/1994, R.D. 419/1003 e R.D. 1315/1992).
- Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos Ecosistemas acuáticos continentais, e de maneira particular todo o sinalado no anexo V de dito decreto respecto á calidade das augas.
- R.D. Legislativo 1/2001, do 20 de xullo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.

5.2.3. MEDIDAS PROTECTORAS PARA O SISTEMA AÉREO

Co fin de minimizar, na medida do posible, as afeccións á poboación e ós cultivos do ámbito, derivadas de alteracións na calidade do aire durante a fase de construción, levaranse a cabo unha serie de actuacións que minimicen a emisión de partículas de po, gases e contaminación acústica. Por iso:

- Durante as obras, especialmente en períodos secos, controlarase a emisión de po xerado polo movemento da maquinaria pesada. Para isto poderanse efectuar regas periódicas das zonas de obra, especialmente nos camiños, zonas de acumulación, terrapléns e en todos aqueles lugares e actuacións que poidan supor unha importante xeración de partículas de po. Porase especial coidado en impedir a escorrentía dos regos cara ás canles próximos.
- Para o control das emisións de gases e partículas contaminantes procedentes dos motores de combustión interna aplicarase a Directiva 97/68/CCE, de 16 de decembro, referida ó control das emisións de dióxido de nitróxeno (NO₂), partículas e fumes negros e outros contaminantes. Tamén se esixirá que a maquinaria empregada nas obras estea revisada a través das correspondentes Inspecciones Técnicas de Vehículos (ITV), de cara a minimizar as emisións de gases e ruídos.
- Limitarase a velocidade de transporte da maquinaria así como o uso de maquinaria que non estea en bo funcionamento.

5.2.4. MEDIDAS PROTECTORAS PARA A VEXETACIÓN E CONTROL DA EROSIÓN

Algunhas das actuacións máis importantes que se poden levar a cabo de entre todas as medidas correctoras propostas refírense ás medidas correctoras do impacto sobre a vexetación, debido a que a corrección destas alteracións axudará a atenuación doutros impactos que poden ter efectos moi negativos e custosos como son a erosión, a perda de hábitats da fauna ou a integración paisaxística.

Atendendo ó sinalado no parágrafo anterior utilizaranse especies autóctonas nas plantacións que se realicen no ámbito das canles afectadas cando sexa estritamente necesaria a súa tala para a execución das obras. Coa utilización destas, ó estar adaptadas ás condicións climáticas da zona, posibilitarase a recuperación en parte da cuberta vexetal orixinal conseguíndose un eficiente control da erosión e acadarase unha maior integración paisaxística do espazo afectado polas obras.

Esta medida, no presente caso, vese favorecida polo feito da rapidez coa que, unha vez executadas as actuacións máis relacionadas co impacto sobre o terreo, volve a cubrir, de xeito espontáneo.

5.2.4.1. PLANTACIÓN DE ESPECIES ARBÓREAS

Recórrese á plantación de especies leñosas nas Obras de Drenaxe Transversal (en abreviatura ODT) vinculadas ó paso sobre regatos, coa misión de estimular a implantación dunha cobertura vexetal, que acelere a integración paisaxística e limite a acción da erosión hídrica. Ademais tamén deberán repoboarse zonas que poida resultar afectadas pola proximidade de obras en zonas de policía asolagable.

As especificacións realízanse para unha previsión de situación adecuada, pero tanto as operacións necesarias ou os marcos, tamaños e especies de plantación estarán limitadas sempre á superficie real dispoñible, en cuxo caso poderanse realizar as modificacións oportunas en función das especificacións contidas en cada tratamento.

Ademais e dado que un dos principais problemas na execución deste tipo de actuacións é o subministro das plantas especificadas, xa sexa debido ó desabastecemento dos viveiros ou ás posibles oscilacións de prezo, as especies seleccionadas no presente Proxecto poderán ser substituídas por outras autóctonas de características similares presentes na vexetación do entorno. Esta modificación deberá realizarse baixo a supervisión dos técnicos encargados do Seguimento Ambiental da Obra, ou no seu defecto da Dirección de Obra.

5.2.4.2. ÉPOCA DE PLANTACIÓN

Para aumentar a porcentaxe de éxito da restauración e calidade da mesma, que será unha condicionante determinante no posterior desenrolo da cobertura vexetal, é necesario que as operacións de restauración se realicen na época máis axeitada. As condicións climáticas que caracterizan a zona sinalan dúas épocas óptimas para a execución do Proxecto de restauración:

- Marzo / Primeiros de Maio.
- Finais Setembro / Primeiros de Novembro.
- Febreiro / Marzo.
- Novembro / Primeiros de Decembro.

Poderán realizarse os traballos fóra destas datas, so no caso en que a climatoloxía do momento se considere favorable.

5.2.4.3. XESTIÓN DE RESIDUOS VEXETAIS

Xerados coma resultado da roza lateral dos camiños de ampliación e mantemento tamén se incorporará de novo o terreo da Zona de Concentración mediante o seu tratamento, previo acordoamento dos mesmos, con rozadora de martelos, sendo o seu tamaño final o resultado de operar dúas veces por cada cordón.

5.2.4.4. XESTIÓN DAS ÁRBORES A APEAR E/OU SEUS SUBPRODUTOS: MADEIRA NON DE OBRA

Tanto as árbores a apear coma os seus subprodutos (leña, froitos, polas,...) considéranse tamén materia orgánica e posúe un valor económico para os seus lexítimos propietarios (os das parcelas onde estes se localizan), polo que este tipo de residuo (madeira) será reutilizado por eles.

O proceso para a súa xestión e aproveitamento é o seguinte:

- Exporase a rede de camiños deseñada a todos os propietarios da Zona de Concentración Parcelaria antes da execución da súa Obra, realizándose a conseguinte explicación da mesma.
- Plantexaranse medidas de coordinación coa gardería forestal.
- Realizarase un pre-replantexo dos camiños proxectados antes do desbroce programado para deste xeito marcar as árbores que van ser apeadas e sexan os propietarios quen abran a traza.
- As árbores apeadas non se retirarán do terreo. Déixanse na marxe da traza do futuro camiño para o seu aproveitamento por parte dos seus lexítimos propietarios.

5.2.5. MEDIDAS PROTECTORAS PARA A FAUNA

Os principais impactos para a fauna terrestre resúmense na perda do hábitat tal e como está concibido previamente á execución das obras. Así mesmo as obras prolongaranse durante un tempo suficiente como para non afectar a época de cría, polo que se evitará realizar as obras en épocas de maior afección ós ciclos vitais da fauna.

En canto ó ecosistema acuático, prestarase especial interese ós seguintes puntos:

- Control dos niveis de erosión e arrastre de materiais ás canles mediante a instalación de barreiras filtrantes a base de pacas de palla de cereal.
- En todo momento deberanse cumprir os parámetros de calidade de auga sinalados no anexo V do R.D. 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.

5.2.6. MEDIDAS PROTECTORAS PARA A PAISAXE

Co fin de reducir o impacto paisaxístico das obras recorrerase a unha serie de medidas, encamiñadas principalmente á ocultación das mesmas unha vez finalizadas. Tamén se producirá un impacto residual positivo, ó repor servizos que se encontraban deteriorados. Os criterios paisaxísticos a aplicar son os seguintes:

Anexo 9: Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística

- A medida máis destacada é o feito de utilizar os trazados dos camiños existentes na maioría das actuacións deste proxecto.
- Compactación de terreos sensiblemente chairros mediante laboreo ou escarificado superficial e, se fose necesario, aporte de terra vexetal (de 20 a 30 cm. de espesor).
- Ante a presenza de calquera elemento sobranste de obra (restos de materias primas, broza e todo tipo de restos vexetais, etc.) retirada inmediata e xestión adecuada.
- Ante a aparición de zonas peladas ou sucas de erosión construíranse muretes de retención de pedra perpendiculares a liña de máxima pendente.
- Se houbera zonas erosionadas nas marxes de cursos de auga, serán instaladas nestas estruturas naturais de estabilización tipo pes xuntos, ou similares, e revexetarse con especies de ribeira (estaquillado con salgueiros e ameneiros).
- Perfiláranse mecanicamente, nunha anchura dun (1) metro a ambos lados do vértice as cabezas máis marcadas dos noiros executados na apertura dos camiños para a súa regularización e integración na paisaxe que os rodea, que é eminentemente sinuosa e sen ángulos.

5.2.7. MEDIDAS PROTECTORAS PARA OS HÁBITATS NATURAIS DE CALIDADE

Minimizarase a intervención sobre os hábitats naturais de calidade evitando estas zonas na medida do posible.

En particular evitárase ó máximo a tala de árbores autóctonas. Como criterio xeral, tenderase a reducir na medida do posible a duración total da obra, é dicir, o tempo efectivo en que os distintos elementos da obra se encontren implantados sobre o terreo.

Coñecendo que os principais condicionantes para isto son as habituais dilacións nas tramitacións de permisos, procurarase que estas estean maioritariamente xestionadas e os permisos obtidos, con anterioridade ó comezo da obra.

5.2.8. Medidas protectoras para a vexetación e control da erosión

Durante a fase de obras levarase a cabo un seguimento que garanta o cumprimento das indicacións e medidas protectoras e correctoras contidas no presente Anexo de Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística.

Os obxectivos do seguimento son os seguintes:

- Velar para que a actividade se realice segundo o proxecto autorizado.
- Determinar a eficacia das medidas de protección ambiental.
- Evitar accidentes que provoquen un dano engadido ó entorno.

A vixilancia ambiental durante a execución das obras corresponderá á persoa ou empresa designada para isto e deberá coordinarse co organismo competente da Xunta de Galicia no relativo á protección das augas, chan, atmosfera, flora e fauna.

A persoa ou empresa designada executará as medidas que garantan o cumprimento desta Memoria Ambiental, debendo implantar as medidas protectoras e correctoras definidas. Tamén asumirá a realización e redacción dos estudos e informes que sexan requiridos pola Dirección de obra.

Todos os requirimentos ambientais e medidas correctoras de impacto ambiental propostas deberán executarse nos prazos previstos e o seu estrito cumprimento deberá ser controlado polo responsable.

Durante o tempo que duren as obras, realizaranse todas as labores de seguimento necesarias, co fin de preservar a calidade ambiental da zona, aplicar as medidas correctoras do impacto ambiental propostas, minimizar as afeccións, fixar os prazos de actuación e determinar o modo de executar ditas medidas correctoras.

6. DISPOSICIÓN NORMATIVAS

- Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello Tomiño, aprobado definitivamente o 29 de marzo do 2001, Publicado no BOP o 15 de maio do 2001, no DOG o 16 de abril do 2001 e entrou como Normativo o 15 de maio do 2001.
- Lei 4/2015, do 17 de Xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.
- Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural.
- Directiva 97/68/CCE, do 16 de decembro, referida ó control das emisións de dióxido de nitróxeno (NO₂), partículas e fumes negros e outros contaminantes.
- R.D. 849/1986, do 11 de abril, polo que se rixe o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, (Modificado por R.D. 367/2010, R.D. 9/2008, R.D. 1620/2007, R.D. 606/2003, Resolución de 21 de novembro de 2001, R.D. 1771/1994, R.D. 419/1003 e R.D. 1315/1992).
- Decreto 174/2005, de 7 de decembro, polo que se regula a Autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Decreto 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos Ecosistemas acuáticos continentais, e de maneira particular todo o sinalado no anexo V de dito decreto respecto á calidade das augas.
- Real Decreto 1/2016, de 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos Plans Hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Júcar, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Duero, Tajo, Guadiana e Ebro (BOE nº 16, do 19 de xaneiro de 2016), o cal, na súa Disposición Derogatoria Única, de Derogacións, indica que á súa entrada en vigor, queda derogado Real Decreto 285/2013, de 19 de abril, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.
- Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
- R.D. Legislativo 1/2001, do 20 de xullo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Lei 5/2016, do 4 de Maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.

7. CONCLUSIÓN

Tendo en conta que:

- As afeccións ambientais detectadas, están reflexadas na memoria e nos anexos, tomándose as correspondentes medidas de cautela de cara á preservación dos valores que representan os bens e paraxes afectados, sempre á espera das observacións ó respecto que podan realizar os organismos con competencia na materia.
- Para as afeccións patrimoniais e ambientais que puideran xurdir na Fase de Execución dos camiños están identificadas, cuantificadas, valoradas e definidas, para a súa minimización, as correspondentes Medidas de Protección.
- As Medidas Correctoras e de Integración Paisaxística adoptadas son as necesarias e esixidas para o cumprimento medioambiental e patrimonial da Obra.
- Facer especial mención á Matriz de Cumprimento da DIA e os seus Subanexos, onde se detallan, esquematizan e se verifican todos os puntos referidos ós condicionantes técnico – ambientais do Proxecto.

CONCLÚESE que a Obra recollida no *“Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)”* á espera das observacións ó respecto que podan realizar os organismos con competencia na materia, cumpre co esixido na Normativa Ambiental e Patrimonial vixente e rexedora para este tipo de actuacións, no seu conxunto.



Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)

SUBANEXO 9.1


PLANOS AMBIENTAIS



Provincia de Pontevedra (Escala 1/1.000.000)



Situación (Escala 1/250.000)




Localización (Escala 1/25.000)

Y: 4.642.959,3874

LEENDA

CONCELLO DE TOMIÑO

ZCP



LEENDA	
	ELEMENTOS DO PATRIMONIO
	CONTORNO PROTECCIÓN ELEMENTO BIC
	ELEMENTOS DE ÁREA INTEGRAL BIC
	HÁBITATS DE INTERÉS COMUNITARIO DEL ANEXO I DE LA DIRECTIVA 92/43/CEE
	ZONAS DE ESPECIAL CONSERVACIÓN (ZEC)
	LUGARES DE IMPORTANCIA COMUNITARIA (LIC)